



INFORME COORDINACIÓN 1º SEMESTRE GRAO EN BIOLOXÍA

Curso Académico: 2021-2022

Javier Iglesias Piñeiro
Guillermo Covelo Artos
Ana M^a Otero Casal
Francisco J. Salgado Castro

Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o __/__/____
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o __/__/____

Presentación	p. 1
Primeiro Curso	p. 2
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 2
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 2
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 2
Segundo Curso	p. 3
<i>VALORACIÓN DO ALUMNADO</i>	p. 3
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 21
Terceiro Curso	p. 21
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 26
<i>RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DO ALUMNADO</i>	p. 26
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 33
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 33
Cuarto Curso	p. 34
<i>VALORACIÓN XERAL DA ENQUISA</i>	p. 34
<i>VALORACIÓN DE CADA PREGUNTA DO CUESTIONARIO</i>	p. 38
<i>COMENTARIOS SOBRE CADA MATERIA EN PARTICULAR</i>	p. 40
<i>REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 51
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 51
<i>Anexo I</i>	p. 52
<i>Anexo II</i>	p. 53

Presentación

Neste informe preséntanse os resultados das enquisas sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no primeiro semestre do curso 2021-2022. Tamén se presentan nalgúns casos resumos das reunións mantidas entre os coordinadores de curso e os representantes de alumnos do devandito curso, así como os encontros feitos, ben de xeito presencial ou virtual (MS-teams, correo electrónico, etc) entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias. Os coordinadores para o primeiro semestre do curso 2021-2022 foron:

- 1º curso: Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Guillermo Covelo Artos
- 3º curso: Ana M^a Otero Casal
- 4º curso: Francisco Javier Salgado Castro (provisionalmente)

Primeiro curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

A comezos do segundo semestre do curso 2021-22 non se puido pasar a enquisa habitual aos estudantes de primeiro sobre a súa impresión sobre as materias do primeiro semestre debido á baixa laboral do coordinador de primeiro.

REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Non houbo reunión cos representantes dos alumnos neste semestre

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DE MATERIAS

Non houbo reunión cos coordinadores de materia neste semestre

O Coordinador do Grao en Bioloxía

Fdo. Francisco Javier Salgado Castro

Segundo Curso

VALORACIÓN DO ALUMNADO

Este informe é o resultado das opinións expresadas (entrevista o día 04 de abril de 2022) polos/as representantes de alumnos/as de 2º curso, **David Freire Moure** (grupo A) e **Alejandra Melón Dieste** (grupo B), e da revisión das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º os días 22 e 23 de febreiro de 2022 nunha clase expositiva. En total, recolléronse 38 enquisas no grupo A e 44 no grupo B

Comézase reflectindo algunhas cuestións xerais do desenvolvemento do curso e puntos para mellorar, para pasar despois ás cuestións concretas de cada materia, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as no apartado de observación e suxestións das enquisas e o comentado polos/as representantes.

Cuestións xerais

En canto a cuestións xerais do desenvolvemento do curso, o alumnado ten presentado as seguintes observacións, que xeralmente refiren só un/ha alumno/a nas enquisas:

En canto ao tipo de docencia, solicítase que haxa máis actividade práctica e menos teórica *“para que os conceptos adquiridos queden asentados sobre unha base máis sólida e non só a modo informativo”*. Mesmo un/ha alumno/a do grupo B fai un comentario irónico igualando o modelo de docencia do instituto co da universidade, sendo ambas moi memorísticos e solicita *“A ver se nos facedes aprender algo dunha vez”*. Tamén se solicita que haxa máis prácticas de campo (que algúns/has alumnos focalizan lóxicamente en Botánica I e Zooloxía I). Esta demanda tamén foi trasladada polos/as alumnos/as representantes, que consideran que é un dos descontentos máis importantes do colectivo de alumnos/as e a súa escaseza supón unha carencia importante na súa formación.

Sen embargo, tamén hai algunha opinión que indica que o exceso de actividades interactivas nas materias dificulta o estudo diario. En definitiva, queixas polo exceso de presencialidade que dificultan o traballo persoal do alumnado. Este é outro punto onde os/as representantes fan especial fincapé, xa que consideran que hai unha carga de traballo e dedicación presencial moi importante neste cuadrimestre. Apuntan que son moitos os traballos/cuestionarios/memorias de prácticas que teñen que realizar, o que sumado a alta presencialidade (falan de semanas comezando na facultade ás 9h e rematando ás 20h só parando 90' para comer) lles impide levar un estudo periódico e continuo das materias. Neste aspecto tamén indican que nalgúns casos esta carga de traballo non leva aparellada unha valoración proporcional na nota, xa reflectido polos pesos das actividades na avaliación das materias.

Outra solicitude de difícil resolución ao meu entender, tal como lles traslado aos/ás

representantes, é que os contidos das prácticas vaian acordes co avance das clases teóricas, posto que ás veces abordan temáticas en prácticas que aínda non foron tratadas en profundidade en clases expositivas.

No relativo a cuestións da **avaliación** das materias hai un par de comentarios xerais, aínda que algún algo máis focalizado. Un/ha alumno/a do grupo B indica, sen especificar materia, que *“algunhas asignaturas piden más nivel del que dan en el aula”*. Por outra parte, tamén no grupo B, nun comentario apúntase que *“la realización de más actividades evaluables/cuestionarios de preguntas podría servir de ayuda en la preparación del día a día de las asignaturas más memorísticas (Botánica, Zoología...) como se hace ya en el resto”*. Os/as representantes non consideran que houbese unha desproporción do nivel esixido nas materias coa docencia recibida. Sobre o segundo punto, cren que xa son suficientes os cuestionarios (mesmo demasiados) ou partes avaliáveis nas materias. Tal vez no caso de Botánica I, indica a representante do grupo B, onde só se fan un par de cuestionarios de autoavaliación con poucas preguntas, podería botarse en falta que o repaso da materia fose máis amplo.

Bioquímica I

Non hai comentarios específicos sobre esta materia. Cabe indicar aquí que neste curso, só de modo excepcional, foi impartida para o alumnado do Dobre Grao en Química e Bioloxía do plan en extinción (13 alumnos/as, todos/as eles/as no grupo B). No novo Grao en Bioloxía e Dobre Grao, esta materia está encadrada no segundo cuadrimestre de primeiro curso.

Bioloxía do Desenvolvemento

Poucos comentarios temos sobre esta materia, e son algo contraditorios. No grupo A un/ha estudante cualifica como magníficas tanto as clases teóricas como as prácticas. Sen embargo, no grupo B, tamén nun só comentario, indícase que as prácticas son moi lentas e que todo o traballo podería facerse en só dúas sesións. Como se comentará despois, a valoración nas enquisas das prácticas é en xeral boa, aínda que, efectivamente, moito menor no grupo B que no A.

Os/as representantes coinciden coa satisfacción xeral nesta materia e cos comentarios individuais indicados. En concreto, coas prácticas, o representante do grupo A indica que se fan un pouco pesadas e pouco aproveitadas xa que só implican a observación de preparacións e que moitos/as alumnos/as rematan moito antes da finalización da práctica. Considera que se poderían reducir na súa duración, ou ben, incluír máis traballo para aproveitar o tempo. Tamén indican que se bota en falta a preparación das mostras xa que só se realiza observación de preparacións para microscopía xa realizadas de antemán.

Ambos/as representantes poñen a esta materia un pouco como exemplo da elevada carga de traballo que teñen que realizar porque hai cuestionarios avaliáveis a realizar fóra da aula para cada sesión de prácticas e de seminarios. Recoñecen que son útiles e teñen, na maioría dos casos un período máis ou menos amplo para realizalos, pero que é moita carga de traballo e moitas veces

recorren a facelos de xeito colectivo, repartíndose o traballo e non de maneira individual. Cren que sería máis axeitado un volume menor de cuestionarios, máis abarcable por cada alumno/a, que lles aproveitaría mellor para a preparación da materia e que as notas correspondentes serían máis realistas co traballo real de cada alumno/a. Tamén indican que a valoración destes cuestionarios non é proporcional ao tempo e traballo que lles supón realizalos.

Botánica I

Tampouco hai moitas cousas que comentar sobre esta materia. No grupo A indícase por un/ha alumno/a a alta calidade e utilidade do material docente ofrecido polo profesorado. Como parece tendencia neste curso, o alumnado do grupo B parece máis “esixente”. Por un lado, un/ha estudante di *“os seminarios de Botánica I non me pareceron moi claros (en horas de teoría)”*, sen máis explicación de cal é o problema. Os/as representantes non comparten nin comprenden esta queixa deste/a compañeiro/a. Xa indicado arriba, esta é unha das materias onde se solicitan máis actividades avaliáveis/cuestionarios.

No relativo á docencia xeral desta materia, os/as representantes indican a súa satisfacción. Só bota en falta, a representante do grupo B, que durante as prácticas non houbera unha pouca máis de atención ou seguimento de cada alumno/a xa que algúns/has quedaban un pouco retrasados/as ao ter problemas á hora de realizar a preparación das mostras e non lograban visualizar os obxectivos da práctica. Polo cal, consideraría oportuno que houbera algunhas preparacións xa feitas por si parte do alumnado non lograra facer a tempo a súa propia de xeito correcto. Indica que, debido ás restricións docentes dos cursos pasados teñen pouca experiencia ou habilidade práctica na preparación das mostras requiridas. Finalmente, se queixa de que durante as prácticas, debido ás correntes de aire no laboratorio, ademais de pasarse moito frío, era difícil manter as follas e as mostras vexetais quietas enriba da mesa, o que dificultaba aínda máis o traballo.

No ámbito da avaliación, un/ha alumno/a indica que *“El examen de Botánica I se centra demasiado en especies, en lugar de características de grupo”*. Os/as representantes consideran que o exame se axustou axeitadamente ao explicado nas clases.

Zooloxía I

No grupo A hai un comentario eloxioso sobre a docencia nesta materia, pero tamén aproveita para indicar que o temario é moi amplo e que se ten visto demasiado rápido. Tamén indicado no grupo A e por tres comentarios máis no grupo B, hai unha solicitude de prácticas de campo nesta materia, tal como aparecen na guía docente, pero que non se realizaron (substituídas por sesións no laboratorio, como si indica algún/ha alumno/a). Como se ten indicado no apartado de cuestións xerais, este foi un apartado do que fixeron especial mención os/as representantes, incidindo ademais en que non se lles deu explicación de por que foran anuladas as saídas de campo. Coma

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

no caso de Botánica I, no grupo B solicita o/a mesmo/a alumno/a máis actividades avaliadas/cuestionarios para a preparación da materia.

As prácticas de Zooloxía I tamén son indicadas polos/as representantes como un exemplo de que están mal aproveitadas, sobre todo as que eran só de observación de preparacións. Cren que se poderían reducir ou ben mellorar os contidos. Aquelas que implicaban a disección si son mellor valoradas por estes/as alumnos/as. Tamén teñen certo descontento co profesor de prácticas, por ser un pouco pasivo e só dar unha lectura do guión ao inicio das sesións, segundo as súas palabras. E tamén por non ter explicado suficientemente o nivel de esixencia e contidos que deberían incluírse na memoria de prácticas, o que parece que levou a moitos/as alumnos/as a un descontento coa avaliación desta parte da materia. Ademais, queren poñer de manifesto a dificultade para contactar co profesor de prácticas para resolver dúbidas, posto que carece de dirección de correo electrónico.

A pesares de que hai unha certa percepción xeral entre o alumnado de que o nivel de esixencia do exame foi superior no grupo B que no A, os/as representantes indican que, en cada caso, se axustou ben á docencia recibida (como se indica nos resultados da pregunta 7 da enquisa) e que os contidos da materia foron similares en ambos grupos.

Bioquímica II

Esta materia si recolle bastantes comentarios do alumnado, sobre todo centrados en dous aspectos, a extensión do temario e os seminarios. Antes de entrar niso, hai que reflectir o comentario dun/ha alumno/a do grupo A subliando a boa organización da materia e a calidade do material de estudo aportado polo profesorado.

Xa entrando no terreo das críticas, tanto no grupo A (dous comentarios) como no grupo B (catro comentarios) indícase que a extensión do temario é moi grande e, ou ben debería reducirse ou mesmo incrementar o número de horas expositivas, como solicita directamente algún/ha estudante. Os/as representantes de alumnos/as coinciden neste aspecto coas opinións das enquisas e tamén comprenden as explicacións dadas polo profesor relativas á adaptación da materia dada a redución de horas expositivas con respecto á materia do curso pasado (grao en extinción). Non obstante, consideran que unha materia como esta tal vez debería ter máis horas expositivas, como apuntaran algúns/has compañeiros/as.

Outro tema que recibe queixas, como se ten apuntado arriba, son os seminarios. Por unha banda, no grupo B indican que son demasiadas preguntas previas por seminario, que levan moito traballo respondelas, para que só se traten unhas poucas en cada seminario. Neste sentido, dende o grupo A piden poñer a disposición do alumnado as respostas das preguntas non resoltas. En canto aos contidos dos seminarios, no grupo B un/ha estudante quíxase de que só se trataron os seis primeiros temas de expositivas e o resto quedaron sen repasar ou clarexar dúbidas. Os/as representantes coinciden plenamente con estas opinións. Coma no caso de Bioloxía do Desenvolvemento, indican, habitualmente repartían o traballo entre varios/as compañeiros/as

porque individualmente non podían abordar todas as preguntas de cada seminario, e ademais as non resoltas acumulábanse para o seguinte seminario, de xeito que eran moitísimas preguntas as que tiñan que levar preparadas por si o profesor lles preguntaba. Cren que sería máis convinte reducir as preguntas “esixibles” en cada seminario, aínda que se deixaran o resto para traballo persoal e voluntario posterior de cada alumno/a. Porque neste sentido, consideran que os seminarios foron moi útiles, que repasaron moi ben a materia e complementaron perfectamente as clases expositivas.

Tamén o xeito de avaliación dos seminarios suscitou algunha queixa: *“En Bioquímica II el profesor de seminarios no fue capaz de preguntar a todas las personas del aula y llevó a cabo un método de evaluación alternativo que, a mi parecer, nos lo puso más difícil para sacar buena nota en seminarios”*. Este aspecto tamén é confirmado polos/as representantes, que observaron certo “descontrol” á hora de preguntar aos/ás alumnos/as xa que, como di a representante do grupo B, ela foi preguntada varias veces e outros/as compañeiros/as do seu grupo ningunha (como se indica arriba). Isto supuxo que a estes/as alumnos/as se lles esixira a resolución dun cuestionario a maiores, fóra do seminario, para recibir a avaliación desa parte da materia. Cren evidente que é necesario outro sistema de avaliación dos seminarios.

Noutro ámbito de cousas, un par de comentarios no grupo B indican algunhas cuestións relativas ao exame. Por unha banda, dise que no exame non “entrou” un tema explicado en clase. E finalmente que *“o exame de Bioquímica II non se axustou aos contidos destacados na clase”*. Os/as representantes non observan ningún problema co primeiro punto (e mesmo agradecen que o profesor o indique) e non comentan ningunha queixa sobre os contidos do exame. Si indica, a representante do grupo B, que lle parece inxusta a esixencia de ter que responder a un mínimo do 75% das preguntas do exame (tipo test), porque algúns/has responden preguntas sen estar seguros/as (para cubrir o mínimo de respostas) e como as incorrectas contan negativo, acábbase penalizando a nota.

Xenética I.

Aínda que nun comentario do grupo A se di que o profesorado da *“boas explicacións”*, o certo é que en ambos grupos son máis as críticas ao profesorado das clases expositivas. Así, nun total de dúas enquisas do grupo A e tres no grupo B amósase o malestar neste eido con expresións dese tipo: *“pouco interactivas”*, *“o profesor non se esforza”*, *“clases mal planteadas”* ou *“explícanse a veces aspectos que se salen do tema e non se centra no importante”*. Estes/as alumnos/as do grupo B indican tamén que *“o material de estudo proporcionado polos docentes é escaso, inconexo e confuso”*. As opinións expresadas polos/as representantes van nesa dirección, aínda que matizan os apelativos. Non cren que o profesor non se esforce nin que non domine a materia, en absoluto. Pero en comparación con resto de profesorado parece que comunica peor ou lle costa máis “chegar” ao alumnado. Si cren que ás veces, como se indica arriba, dedica moito tempo a explicar casos

particulares ou anecdóticos e non tanto a centrarse nunha explicación máis global do tema. Sobre o material de estudo disposto polo profesor, indican que non serve de moita axuda “xa que son só figuras e nada de texto explicativo”.

Un/ha estudante do grupo B di que moita da teoría explicada en Xenética I é repetida, sen especificar con que materia se solapa ou se é dentro da mesma materia. Preguntados a este respecto, os/as representantes non cren que haxa solapamentos notables con outras materias (si algo con Bioquímica I de primeiro curso, cousas puntuais) nin tampouco que o profesor repetise cousas dentro do seu propio temario, de maneira que non comparten (nin outros/as compañeiros/as lla transmitiron) esa opinión do/a alumno/a do grupo B.

Con respecto aos seminarios tamén hai algúns comentarios. No grupo A (un/ha alumno/a) non está satisfeito/a coas explicacións e resolución dos problemas nos seminarios. Probablemente relacionado co anterior, outros/as alumnos/as se piden máis tempo de seminarios para resolver mellor os problemas propostos, e mesmo un deles/as pide a realización de máis exercicios do último tema. Neste apartado, os/as representantes non teñen detectado problemas cos seminarios (nin profesorado nin contidos), aínda que si confirman que quedarán algúns problemas por resolver, pero que eran similares aos xa realizados. O certo é que os resultados na enquisa son bastante bos neste apartado en ambos grupos.

No relativo ás prácticas só hai unha observación no grupo B: “*muy estresante contar granos de maíz sin poder marcarlos*”. Esta mesma persoa fai outro comentario da materia que reproduzo tamén literalmente: “*A materia de Xenética I é completamente inflexible a hora das demandas do alumnado (preguntouse no exame con valor de 2 ptos un exercicio explicado nunha clase entre 2 festivos que se negou a ofrecer vía Teams ou cambiar de día, á que non houbo apenas asistencia)*”. Ambas afirmacións sorprenden un pouco aos/as alumnos/as representantes. No caso das prácticas indican que, efectivamente, se non se contan ben os graos do millo despois non sae ben a análise estatística, pero é cuestión de prestar atención e concentrarse no traballo. Sobre o punto do exame, pouco que dicir. Nin se deran conta dese detalle e cren que o profesor ten absoluto dereito de non cambiar as datas das clases e para preguntar o que considere oportuno no exame, independentemente de que día fora explicado na aula.

ANÁLISE GLOBAL DOS RESULTADOS DA ENQUISA DE PERCEPCIÓN DA DOCENCIA

Cómpre comentar que a materia Bioquímica I só foi impartida, de modo excepcional neste curso, para o alumnado do Dobre Grao en Química e Bioloxía do plan en extinción, de xeito que o número de alumnos/as que a cursaron foi moi baixo e todos/as eles/as están no grupo B.

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (*cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario*, respectivamente), amosan resultados favorables (por enriba de 2 en tódolos casos, e nalgúns rozando o 3, como Bioloxía do Desenvolvemento no grupo A) para

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

tódalas materias. Son un pouco máis baixas no grupo B en Xenética I (2,08 e 2,13) e no grupo A de Bioquímica II (2,36 e 2,38). Nestas dúas materias apréciase unha notable diferenza de valoracións entre grupos, xa que no grupo A Xenética I obtén 2,67 e 2,58, e Bioquímica II 2,84 e 2,61, nestas dúas preguntas. No resto das materias, as diferenzas entre grupos son menores, aínda que se nota a tendencia máis baixa no grupo B, como podemos ver en Bioloxía do Desenvolvemento, menos acusada en Botánica I. En canto a Bioquímica I, destacar que na pregunta 2 obtén a segunda peor valoración (2,33), só por diante do grupo B en Xenética I.

No apartado 3 (*solapamentos e redundancias de contidos*), os resultados mostran valoracións tamén por enriba de 2 en tódalas materias. As que obteñen maior puntuación son Zooloxía I (2,88) e Bioquímica I (2,83), ambas no grupo B. Pola contra, onde se observan maiores redundancias no programa é Xenética I grupo B (2,20). Esta materia presenta unha importante diferenza entre grupos, xa que no grupo A a valoración é de 2,50. Pero aínda é lixeiramente maior a diferenza entre grupos en Zooloxía I (2,54 no grupo A e 2,88 no grupo B). Para Bioquímica II a diferenza é algo inferior (2,75 no grupo A e 2,51 no grupo B) e no resto de materias apenas hai diferenzas entre grupos.

A valoración no apartado 4 (*titorías*) é en xeral máis baixa que as anteriores e tamén a que menos respostas suma en tódalas materias, o que indica que poucos/as alumnos/as fixeron uso delas en moitos casos. Outra explicación pode ser o uso desigual de contidos/obligatoriedade que se faga deste tipo de activade interactiva nas diferentes materias. En moitos casos, a valoración deste actividade está claramente por debaixo de 2 puntos para todo o alumnado. Tal é o caso de Botánica I (1,56 e 1,34, grupos A e B, respectivamente), Bioquímica II (1,87 e 1,79, grupos A e B, respectivamente), Bioquímica I (1,67, grupo B). Xenética I presenta valores en torno a 2 (1,97 e 2,0, grupos A e B, respectivamente). No resto, xa atopamos diferenzas importantes entre grupos: Zooloxía I (a que ten mellores resultados globais, ambos por riba de 2) acada 2,44 e 2,15 (grupos A e B, respectivamente) e sobre todo Bioloxía do Desenvolvemento, que ten case unha diferenza de medio punto (2,11 e 1,62, grupos A e B, respectivamente), o que é moi destacable.

As *prácticas de laboratorio/campo* (pregunta 5) están en xeral ben valoradas (case sempre ben por riba de 2) polos/as alumnos/as, pero neste curso obsérvase unha importante diferenza de valoración entre os dous grupos de docencia na maioría de materias. En termos absolutos, Botánica I (2,18 no total), Xenética I (2,16 no total) e Bioquímica I (2,17 no total) son as peor valoradas. Nas dúas primeiras hai diferenzas importantes entre grupos: Botánica I (0,49 puntos) e Xenética I (0,45 puntos), sempre con mellor valoración no grupo A. Pero o caso máis notable de diferenzas entre grupos é o de Bioloxía do Desenvolvemento, cunha nota moi alta no grupo A (2,83) e moi inferior no B (2,27), o que supón unha diferenza de 0,56 puntos, algo verdadeiramente rechamante. Queda por comentar Bioquímica II, onde tamén é importante a diferenza entre grupos (0,40 puntos) ao obterse unha valoración de 2,55 no grupo A e de 2,15 no grupo B. Como xa se ten indicado arriba, en tódolos casos as valoracións do grupo B son inferiores ás do grupo A. Aínda que houbera

diferenzas de profesorado nas prácticas das diferentes materias (supoñendo que os contidos sexan os mesmos para os dous grupos) é altamente improbable que en tódolos casos os/as profesores/as “menos competentes” sexan sempre os/as que lles tocan ao grupo B, de xeito que é probable que haxa un prexuízo na enquisa debido a outras causas.

A valoración máis alta no apartado da *utilidade dos seminarios* (pregunta 6) a teñen as dúas materias de Bioquímica: Bioquímica I (2,92, grupo B) e Bioquímica II (2,90 e 2,42, grupos A e B, respectivamente). Como se observa en Bioquímica II, novamente hai unha diferenza notable (0,48 puntos) entre os dous grupos. Nun segundo chanzo temos a Xenética I, cun valor de 2,39 en ambos grupos, e Zooloxía I (2,10 e 2,45, grupos A e B). Son dos poucos casos en que a valoración dun *ítem* ten o mesmo resultado (Xenética I) ou mesmo máis alto (Zooloxía I) no grupo B que no A, pero igualmente con diferenzas importantes entre grupos. Xa con valores globais por debaixo de 2 temos a Bioloxía do Desenvolvemento I (2,21 e 1,73, nos grupos A e B, respectivamente) e Botánica I (1,76 e 1,22 nos grupos A e B, respectivamente). Como se aprecia, ademais, existen notables diferenzas entre grupos, de 0,48 puntos na primeira e 0,54 puntos na segunda. Parece claro que nestas dúas materias, especialmente en Botánica I, os seminarios non están a funcionar demasiado ben.

A valoración sobre *o nivel de esixencia percibido na avaliación* (pregunta 7) indica que en Zooloxía I (2,92 e 2,95 nos grupos A e B, respectivamente) e Bioquímica I (2,83 no grupo B), parece haber un grao notable de satisfacción por parte dos/as alumnos/as. Tamén parece moi elevado no caso de Botánica I (2,68 e 2,47, grupos A e B respectivamente), onde a diferenza entre grupos non parece moi elevada. Xa non é así nos casos restantes, por unha ou outra razón. En Bioloxía do Desenvolvemento, as diferenzas entre grupos non son altas (2,31 e 2,15, grupos A e B, respectivamente), pero xa se presenta unha certa percepción de que o nivel esixido non se axeitaba ben ao impartido. No caso de Bioquímica II, no grupo A a valoración é bastante boa (2,57) mentres que no grupo B é moi baixa (1,87), o que pon de manifesto unha acusadísima diferenza (0,7 puntos) de percepción do nivel de avaliación entre os dous grupos. En Xenética I parece haber certo descontento co nivel esixido na avaliación xa que a valoración (1,69 e 1,58, nos grupos A e B, respectivamente) é bastante baixa, habendo bastante homoxeneidade nos resultados de ambos grupos. Os resultados destas dúas materias, por unha causa ou por outra, merecen ser tidos en consideración para análise por parte do profesorado.

A materia globalmente (sumando ambos grupos) mellor valorada na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*) é Zooloxía I (2,50 e 2,93, nos grupos A e B, respectivamente). Pero non existen demasiadas diferenzas con Bioloxía do Desenvolvemento (2,85 e 2,55, nos grupos A e B, respectivamente), (Bioquímica I (2,67 no grupo B) e Bioquímica II (2,79 e 2,46, nos grupos A e B, respectivamente). Botánica I parece ser percibida cunha “menor utilidade na formación” xa que obtén 2,43 e 2,35, nos grupos A e B, respectivamente. E xa claramente penalizada neste apartado temos Xenética I (1,92 e 1,81, nos grupos A e B, respectivamente), que obtén a peor valoración.

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

Como se pode observar, salvo nos casos de Botánica I e Xenética I, existen diferenzas apreciables entre os dous grupos. Nos casos de Bioloxía do Desenvolvemento e Bioquímica II e Botánica I as diferenzas son de 0,3 e 0,33 puntos, respectivamente, sendo a mellor valoración a do grupo A. Mención aparte para Zooloxía I, coa maior diferenza entre grupos (0,43 puntos) e, curiosamente (dada a tendencia habitual da enquisa), maior no grupo B que no A. Probablemente a razón, polo menos en parte, destas diferenzas entre grupos, estea relaciona con que no grupo B se sitúa todo o alumnado de dobre grao (do novo plan de estudos), que non aborda co mesmo interese (e niveis previos de coñecementos) diferentes tipos de materias.

A materia que se destaca co maior *nivel de esforzo* polos/as alumnos/as (pregunta 9) é Bioquímica II, que recibe un 3,0 no grupo A e 2,92 no B, como vemos, sen diferenzas de valoración entre grupos. Nun seguinte nivel de esforzo están, con valores similares, Xenética I (2,87 e 2,49, grupos A e B, respectivamente) e Bioloxía do Desenvolvemento (2,69 e 2,48, grupos A e B, respectivamente). En ambas existen diferenzas entre grupos, máis modesta no caso de Bioloxía do Desenvolvemento, de só 0,21 puntos, pero de 0,38 puntos no caso de Xenética I. Pero as tendencias en ambas son contrarias: para o grupo B requiriuse menor esforzo en Xenética I e maior en Bioloxía do Desenvolvemento que para os/as seus compañeiros/as do grupo A. Cun nivel de esforzo intermedio, en torno a 2, atópanse Zooloxía I (2,18 e 2,29, grupos A e B, respectivamente) e Botánica I (1,84 e 2,0, grupos A e B, respectivamente), sen diferenzas importantes entre grupos, e con maior nivel de esforzo para o grupo B, Claramente destacada como a que require menor nivel de esforzo é Bioquímica I (1,58 no grupo B). Chama a atención de que as dúas materias de Bioquímica estean en polos opostos na valoración desta pregunta. Isto é claramente debido a que todo o alumnado que cursou Bioquímica I é do Dobre Grao (plan en extinción), quen presenta un nivel moi alto nas materias “químicas” e para o que esta materia (fundamentalmente estudio dos tipos e propiedades das biomoléculas) non supón demasiada dificultade. De feito, nos cursos anteriores, con todo o alumnado do grao en Bioloxía e do Dobre Grao, esta materia era das que habitualmente supuña un nivel de esforzo máis alto no primeiro cuadrimestre. Sen embargo, Bioquímica II Metabolismo, é un campo bastante novo e denso mesmo para o alumnado de Dobre Grao. Hai que destacar aquí, que o alumnado de Dobre Grao do plan en extinción (quen cursou a Bioquímica I) tivo unha carga docente superior á do resto do alumnado, neste cuadrimestre.

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*) reflicten as valoracións da pregunta anterior. De novo, a materia de Bioquímica II (2,64 grupo A e 2,42 grupo B) é a destacada, e con relativamente pouca diferenza entre grupos. Cuns valores máis próximos (en torno a 2,0) entre si están Zooloxía I (1,78 e 2,0, grupos A e B, respectivamente), Bioloxía do Desenvolvemento (2,47 e 2,08, grupos A e B, respectivamente) e Xenética I (2,57 e 1,92, grupos A e B, respectivamente). Pero existen importantes diferenzas de como obteñen estes resultados. En Zooloxía I non hai demasiadas diferenzas entre grupos (0,22 puntos) e para o grupo B se requiriu maior dedicación. Sen embargo

nos casos de Bioloxía do Desenvolvemento e Xenética I houbo un notable maior consumo de tempo para o alumnado do grupo A (diferenzas de 0,39 e 0,65 puntos, respectivamente). O caso de Xenética I é moi rechamante e merece atención, porque obtén o valor máis baixo de todas as materias no grupo B (coa excepción de Bioquímica I) e o segundo valor máis alto (o primeiro é Bioquímica II) no grupo A. Como no apartado anterior, Bioquímica I e Botánica I son as materias que supuxeron un menor consumo de tempo para o alumnado. No caso de Bioquímica I a valoración foi de 1,67 (só no grupo B) e para Botánica I foi un global de 1,52, sen apenas diferenzas entre grupos (1,43 e 1,60, grupos A e B, respectivamente).

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS.

CURSO 2021-2022. 1º CUADRIMESTRE. 2º GRAO EN BIOLOXÍA (2ª EDICIÓN)

MARCA O TEU GRUPO DE DOCENCIA EXPOSITIVA: A B


Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:


- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo persoal** necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

A continuación preséntanse gráficas resumo cos resultados da enquisa por grupos. As valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”. A valoración media final da materia realízase sen ter en conta as preguntas 9 e 10. O número de enquisas cubertas (non se cobren sempre todas as preguntas e noutros casos se marcan 0) aparece reflectido nas táboas anexas para cada materia dispoñible ao final deste informe.


BOTÁNICA I. Media: G. A: 2,41; G. B: 2,19




ZOOLOGÍA I. Media: G. A: 2,50; G. B: 2,75




BIOQUÍMICA II. Media: G. A: 2,61; G. B: 2,24




XENÉTICA I. Media: G. A: 2,26; G. B: 2,02



BIOI. DES. Media: G. A: 2,62; G. B: 2,31



BIOQUÍMICA I. Media: G. A: -; G. B: 2,50



Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

A continuación amósanse as táboas cos resultados das enquisas amosando as respostas individualizadas, tanto por grupos de docencia como do total do alumnado. Nas valoracións medias de cada pregunta descártanse os valores 0 (non procede). A valoración media das materias faise só coas notas nas preguntas 1 a 8.

BOTÁNICA I (GRUPO A)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTA	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	37	1	0	0,00	6	16,22	31	83,78	2,84
2	36	2	0	0,00	4	11,11	32	88,89	2,89
3	35	3	0	0,00	10	28,57	25	71,43	2,71
4	27	11	16	59,26	7	25,93	4	14,81	1,56
5	36	2	4	11,11	12	33,33	20	55,56	2,44
6	25	13	8	32,00	15	60,00	2	8,00	1,76
7	37	1	2	5,41	8	21,62	27	72,97	2,68
8	37	1	2	5,41	17	45,95	18	48,65	2,43
9	38	0	10	26,32	24	63,16	4	10,53	1,84
10	37	1	24	64,86	10	27,03	3	8,11	1,43
Media (1-8): 2,41; SD: 0,50									

BOTÁNICA I (GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTA	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	41	3	1	2,44	13	31,71	27	65,85	2,63
2	42	2	0	0,00	8	19,05	34	80,95	2,81
3	42	2	1	2,38	9	21,43	32	76,19	2,74
4	38	6	27	71,05	9	23,68	2	5,26	1,34
5	41	3	13	31,71	17	41,46	11	26,83	1,95
6	36	8	29	80,56	6	16,67	1	2,78	1,22
7	43	1	4	9,30	15	34,88	24	55,81	2,47
8	43	1	4	9,30	20	46,51	19	44,19	2,35
9	43	1	7	16,28	29	67,44	7	16,28	2,00
10	42	2	19	45,24	21	50,00	2	4,76	1,60
Media (1-8): 2,19; SD: 0,62									

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

BOTÁNICA I (TOTAL)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	78	4	1	1,28	19	24,36	58	74,36	2,73
2	78	4	0	0,00	12	15,38	66	84,62	2,85
3	77	5	1	1,30	19	24,68	57	74,03	2,73
4	65	17	43	66,15	16	24,62	6	9,23	1,43
5	77	5	17	22,08	29	37,66	31	40,26	2,18
6	61	21	37	60,66	21	34,43	3	4,92	1,44
7	80	2	6	7,50	23	28,75	51	63,75	2,56
8	80	2	6	7,50	37	46,25	37	46,25	2,39
9	81	1	17	20,99	53	65,43	11	13,58	1,93
10	79	3	43	54,43	31	39,24	5	6,33	1,52
Media (1-8): 2,29; SD: 0,57									

ZOOLOXÍA I (GRUPO A)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	37	1	0	0,00	7	18,92	30	81,08	2,81
2	37	1	0	0,00	7	18,92	30	81,08	2,81
3	35	3	1	2,86	14	40,00	20	57,14	2,54
4	23	15	11	47,83	8	34,78	4	17,39	1,70
5	36	2	2	5,56	11	30,56	23	63,89	2,58
6	29	9	5	17,24	16	55,17	8	27,59	2,10
7	37	1	1	2,70	1	2,70	35	94,59	2,92
8	38	0	2	5,26	15	39,47	21	55,26	2,50
9	38	0	7	18,42	17	44,74	14	36,84	2,18
10	37	1	17	45,95	11	29,73	9	24,32	1,78
Media (1-8): 2,50; SD: 0,41									

ZOOLOXÍA I (GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	42	2	1	2,38	7	16,67	34	80,95	2,79
2	42	2	0	0,00	4	9,52	38	90,48	2,90
3	42	2	1	2,38	3	7,14	38	90,48	2,88
4	36	8	6	16,67	8	22,22	22	61,11	2,44
5	42	2	0	0,00	16	38,10	26	61,90	2,62
6	42	2	1	2,38	21	50,00	20	47,62	2,45
7	42	2	0	0,00	2	4,76	40	95,24	2,95
8	42	2	0	0,00	3	7,14	39	92,86	2,93
9	42	2	2	4,76	26	61,90	14	33,33	2,29
10	41	3	8	19,51	25	60,98	8	19,51	2,00
Media (1-8): 2,75; SD: 0,21									

ZOOLOXÍA I (TOTAL)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	79	3	1	1,27	14	17,72	64	81,01	2,80
2	79	3	0	0,00	11	13,92	68	86,08	2,86
3	77	5	2	2,60	17	22,08	58	75,32	2,73
4	59	23	17	28,81	16	27,12	26	44,07	2,15
5	78	4	2	2,56	27	34,62	49	62,82	2,60
6	71	11	6	8,45	37	52,11	28	39,44	2,31
7	79	3	1	1,27	3	3,80	75	94,94	2,94
8	80	2	2	2,50	18	22,50	60	75,00	2,73
9	80	2	9	11,25	43	53,75	28	35,00	2,24
10	78	4	25	32,05	36	46,15	17	21,79	1,90
Media (1-8): 2,64; SD: 0,27									

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

XENÉTICA I (GRUPO A)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	36	2	2	5,56	8	22,22	26	72,22	2,67
2	36	2	2	5,56	11	30,56	23	63,89	2,58
3	36	2	4	11,11	10	27,78	22	61,11	2,50
4	31	7	8	25,81	16	51,61	7	22,58	1,97
5	35	3	5	14,29	11	31,43	19	54,29	2,40
6	36	2	8	22,22	6	16,67	22	61,11	2,39
7	36	2	18	50,00	11	30,56	7	19,44	1,69
8	37	1	14	37,84	12	32,43	11	29,73	1,92
9	38	0	2	5,26	1	2,63	35	92,11	2,87
10	37	1	3	8,11	10	27,03	24	64,86	2,57
Media (1-8): 2,26; SD: 0,36									

XENÉTICA I (GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	39	5	11	28,21	14	35,90	14	35,90	2,08
2	40	4	6	15,00	23	57,50	11	27,50	2,13
3	41	3	9	21,95	15	36,59	17	41,46	2,20
4	42	2	15	35,71	12	28,57	15	35,71	2,00
5	40	4	13	32,50	16	40,00	11	27,50	1,95
6	41	3	6	14,63	13	31,71	22	53,66	2,39
7	36	8	19	52,78	13	36,11	4	11,11	1,58
8	37	7	17	45,95	10	27,03	10	27,03	1,81
9	41	3	2	4,88	17	41,46	22	53,66	2,49
10	39	5	11	28,21	20	51,28	8	20,51	1,92
Media (1-8): 2,02; SD: 0,25									

XENÉTICA I (TOTAL)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	75	7	13	17,33	22	29,33	40	53,33	2,36
2	76	6	8	10,53	34	44,74	34	44,74	2,34
3	77	5	13	16,88	25	32,47	39	50,65	2,34
4	73	9	23	31,51	28	38,36	22	30,14	1,99
5	75	7	18	24,00	27	36,00	30	40,00	2,16
6	77	5	14	18,18	19	24,68	44	57,14	2,39
7	72	10	37	51,39	24	33,33	11	15,28	1,64
8	74	8	31	41,89	22	29,73	21	28,38	1,86
9	79	3	4	5,06	18	22,78	57	72,15	2,67
10	76	6	14	18,42	30	39,47	32	42,11	2,24
Media (1-8): 2,13; SD: 0,28									

BIOLOXÍA DO DESENV. (GRUPO A)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	34	4	0	0,00	3	8,82	31	91,18	2,91
2	33	5	0	0,00	2	6,06	31	93,94	2,94
3	32	6	0	0,00	7	21,88	25	78,13	2,78
4	18	20	5	27,78	6	33,33	7	38,89	2,11
5	35	3	1	2,86	4	11,43	30	85,71	2,83
6	34	4	9	26,47	9	26,47	16	47,06	2,21
7	35	3	6	17,14	12	34,29	17	48,57	2,31
8	34	4	0	0,00	5	14,71	29	85,29	2,85
9	35	3	0	0,00	11	31,43	24	68,57	2,69
10	34	4	2	5,88	14	41,18	18	52,94	2,47
Media (1-8): 2,62; SD: 0,35									

BIOLOXÍA DO DESENV. (GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	38	6	0	0,00	12	31,58	26	68,42	2,68
2	39	5	1	2,56	7	17,95	31	79,49	2,77
3	39	5	3	7,69	4	10,26	32	82,05	2,74
4	29	15	18	62,07	4	13,79	7	24,14	1,62
5	41	3	9	21,95	12	29,27	20	48,78	2,27
6	40	4	18	45,00	15	37,50	7	17,50	1,73
7	40	4	3	7,50	28	70,00	9	22,50	2,15
8	40	4	2	5,00	14	35,00	24	60,00	2,55
9	40	4	0	0,00	21	52,50	19	47,50	2,48
10	40	4	7	17,50	23	57,50	10	25,00	2,08
Media (1-8): 2,31; SD: 0,45									

BIOLOXÍA DO DESENV. (TOTAL)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	72	10	0	0,00	15	20,83	57	79,17	2,79
2	72	10	1	1,39	9	12,50	62	86,11	2,85
3	71	11	3	4,23	11	15,49	57	80,28	2,76
4	47	35	23	48,94	10	21,28	14	29,79	1,81
5	76	6	10	13,16	16	21,05	50	65,79	2,53
6	74	8	27	36,49	24	32,43	23	31,08	1,95
7	75	7	9	12,00	40	53,33	26	34,67	2,23
8	74	8	2	2,70	19	25,68	53	71,62	2,69
9	75	7	0	0,00	32	42,67	43	57,33	2,57
10	74	8	9	12,16	37	50,00	28	37,84	2,26
Media (1-8): 2,45; 0,41									

BIOQUÍMICA II METAB. (GRUPO A)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	31	7	0	0,00	5	16,13	26	83,87	2,84
2	33	5	3	9,09	7	21,21	23	69,70	2,61
3	32	6	0	0,00	8	25,00	24	75,00	2,75
4	15	23	5	33,33	7	46,67	3	20,00	1,87
5	31	7	2	6,45	10	32,26	19	61,29	2,55
6	31	7	1	3,23	1	3,23	29	93,55	2,90
7	32	6	2	6,25	10	31,25	20	62,50	2,56
8	33	5	0	0,00	7	21,21	26	78,79	2,79
9	33	5	0	0,00	0	0,00	33	100,00	3,00
10	33	5	2	6,06	8	24,24	23	69,70	2,64
Media (1-8): 2,61; SD: 0,33									

BIOQUÍMICA II METAB. (GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	39	5	1	2,56	23	58,97	15	38,46	2,36
2	40	4	2	5,00	21	52,50	17	42,50	2,38
3	39	5	6	15,38	7	17,95	26	66,67	2,51
4	24	20	12	50,00	5	20,83	7	29,17	1,79
5	39	5	7	17,95	19	48,72	13	33,33	2,15
6	38	6	2	5,26	18	47,37	18	47,37	2,42
7	39	5	13	33,33	18	46,15	8	20,51	1,87
8	39	5	3	7,69	15	38,46	21	53,85	2,46
9	39	5	0	0,00	3	7,69	36	92,31	2,92
10	38	6	5	13,16	12	31,58	21	55,26	2,42
Media (1-8): 2,24; SD: 0,28									

BIOQUÍMICA II METAB. (TOTAL)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	70	12	1	1,43	28	40,00	41	58,57	2,57
2	73	9	5	6,85	28	38,36	40	54,79	2,48
3	71	11	6	8,45	15	21,13	50	70,42	2,62
4	39	43	17	43,59	12	30,77	10	25,64	1,82
5	70	12	9	12,86	29	41,43	32	45,71	2,33
6	69	13	3	4,35	19	27,54	47	68,12	2,64
7	71	11	15	21,13	28	39,44	28	39,44	2,18
8	72	10	3	4,17	22	30,56	47	65,28	2,61
9	72	10	0	0,00	3	4,17	69	95,83	2,96
10	71	11	7	9,86	20	28,17	44	61,97	2,52
Media (1-8): 2,41; SD: 0,29									

BIOQUÍMICA I (Só DG plan vello, GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	13	31	0	0,00	5	38,46	8	61,54	2,62
2	12	32	0	0,00	8	66,67	4	33,33	2,33
3	12	32	0	0,00	2	16,67	10	83,33	2,83
4	9	35	5	55,56	2	22,22	2	22,22	1,67
5	12	32	3	25,00	4	33,33	5	41,67	2,17
6	12	32	0	0,00	1	8,33	11	91,67	2,92
7	12	32	0	0,00	2	16,67	10	83,33	2,83
8	12	32	0	0,00	4	33,33	8	66,67	2,67
9	12	32	5	41,67	7	58,33	0	0,00	1,58
10	12	32	4	33,33	8	66,67	0	0,00	1,67
Media (1-8): 2,50; SD: 0,43									

REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

A parte anterior deste informe, coas valoracións numéricas das enquisas e as opinións do alumnado, foi remitida o 06 de abril aos/ás coordinadores/as das materias. Nas semanas posteriores algúns/has deles/as remitiron as súas opinións e comentarios, que se recollen a continuación.

Xenética I

O **prof. Carlos García Suárez**, envía, o 7 de abril, as seguintes respostas e reflexións sobre a súa materia, que se reproducen de xeito textual.

“...Puedo comentar algunas de las opiniones expuestas por los alumnos:

1) “pouco interactivas”. Esto es cierto. Mi impresión es que la actitud de estos alumnos fue marcadamente no interactiva. Preguntas lanzadas a la clase en general casi nunca recibían respuesta. Pero está claro que estos mismos alumnos dieron mejores calificaciones a otras materias en apartados relacionados con la docencia en las clases expositivas, lo que podría indicar que se consigue más interacción en esas materias. Buscaré nuevos procedimientos para estimular la participación en clase.

1) “explícanse a veces aspectos que se salen do tema e non se centra no importante”. Es verdad que en algún tema introductorio de las clases expositivas se mencionan hitos en el desarrollo de la Genética y también aspectos del progreso científico en general. Son ideas importantes para la formación de un biólogo y esta es una asignatura tan apropiada como cualquier otra para al menos mencionarlas brevemente. Muy ocasionalmente se introduce también alguna cuestión de interés general, y que un biólogo debe conocer, como qué son las hipótesis ad hoc, etc. Un examen de las diapositivas utilizadas en clase y subidas al Aula Virtual mostraría que el número de diapositivas dedicadas a estas cuestiones es casi insignificante.

2) “o material de estudo proporcionado polos docentes é escaso, inconexo e confuso”. En las diapositivas usadas en clase se intenta que cada dato o afirmación vaya respaldado por una referencia bibliográfica o un enlace a una página Web, o las dos cosas. Con frecuencia se recomiendan recursos adicionales para alumnos que quieran profundizar en un tema específico. Y, tal como se explica a los alumnos en el primer día de clase, en la presentación de la materia, las diapositivas utilizadas son un simple apoyo a la docencia. No se pretende que sean “apuntes de clase”. En esta materia no se proporcionan apuntes a los alumnos. Los apuntes deben ser resultado del trabajo de los alumnos que asisten a clase, y su elaboración es un componente importante de la formación de estos alumnos. Un graduado en Biología no puede esperar que se le suministren apuntes en las actividades profesionales a las que pueda dedicarse. Es útil por tanto que aprovechen sus estudios de Grado para desarrollar esta competencia, si no lo han hecho antes de su ingreso en la Universidad.

3) “dedica moito tempo a explicar casos particulares ou anecdóticos e non tanto a centrarse nunha explicación máis global do tema”. Creo que es útil que a la exposición

de una cuestión teórica le siga un ejemplo concreto de su impacto en el mundo real. Es un recurso empleado con frecuencia en los libros de texto. De nuevo, el pequeño número de diapositivas dedicado a estos ejemplos no se corresponde con “dedica moito tempo”.

4) “A materia de Xenética I é completamente inflexible a hora das demandas do alumnado (preguntouse no exame con valor de 2 ptos un exercicio explicado nunha clase entre 2 festivos que se negou a ofrecer vía Teams ou cambiar de día, á que non houbo apenas asistencia)”. Soy consciente de que este es solo el comentario de un/a estudiante, pero en todo caso, lo encuentro un poco alarmante. Incumplir la normativa no debería ser una de las “demandas do alumnado“. Entiendo que se espera que todos los miembros de la comunidad universitaria cumplamos las normativas, y en particular la Guía docente y el Calendario Docente. Tomarse vacaciones en un día lectivo, con el resultado de ser incapaz de responder a una pregunta del examen, no debería ser el fundamento de una queja. Creo recordar (fue una llamada telefónica) que en aquellos días consulté con el Decanato del centro la posibilidad de impartir la clase entre dos festivos por medio de Teams, y que se me dió como única respuesta oficial que en aquel período las clases expositivas del Grao de Bioloxía eran presenciales. El cumplimiento de las normas no debería ser un motivo de protesta. Supongo que la vía adecuada para estas demandas sería la de solicitar a la instancia correspondiente una modificación del Calendario Escolar. Por último, hay que aclarar que la pregunta del examen a la que se alude se corresponde no solo con un clase de una hora, si no con el tema 14 del programa, al que se dedicaron cuatro horas de clases expositivas.

5) La afirmación “muy estresante contar granos de maíz sin poder marcarlos”, aunque de nuevo, hecha por una/o solo/a estudiante, tampoco resulta tranquilizadora. Esta/e estudiante se está formando para desarrollar algún trabajo en el futuro. Sería deseable que estuviera dispuesto/a a adquirir la competencia de hacer recuentos sin estresarse.

Bueno, nunca quedo muy contento con este asunto. Con frecuencia me digo en estos momentos que sería interesante que se desglosara las opiniones de los alumnos con buenos expedientes y las de los que tienen malos expedientes. Tengo la esperanza, no se si vana, de que aquellos con mejores expedientes encontraran mis clases más útiles y más interesantes...

Bioloxía do Desenvolvemento

A **profa. Isabel Rodríguez-Moldes Rey**, coordinadora de Bioloxía do Desenvolvemento, fai unha serie de observacións aos comentarios do alumnado, dos que fai partícipe tamén á outra profesora implicada na materia, **profa. Eva María Candal Suárez**:

As profesoras da materia de Bioloxía do desenvolvemento queremos agradecerche unha vez mais o teu esforzo de coordinación do curso, e especialmente o envío do informe anual que consideramos unha ferramenta imprescindible para poder mellorar a nosa labor docente. Coñecer as valoracións do alumnado sobre o desenvolvemento da materia de acordo coa guía docente axuda a detectar desaxustes entre o que se espera obter do alumnado e o que finalmente se acada. Por iso, agradecemos moito a participación do alumnado e a información que nos aporta.

Tomamos nota especialmente dos comentarios sobre o ritmo das prácticas. Somos conscientes de que a programación que houbo que facer por mor da pandemia, potenciando o traballo individual e restrinxindo o traballo en equipo e o uso compartido do material de estudo, non resultou estimulante para unha parte do alumnado. Non son as prácticas que quixeríamos ter feito así que se a situación o permite, o próximo curso recuperaremos a estrutura e organización das prácticas para facelas tan dinámicas como no curso 19-20, no que foron moi ben valoradas polo alumnado no informe correspondente.

En canto aos comentarios sobre os cuestionarios queremos deixar constancia de que a resolución dos cuestionarios en equipo diminúe considerablemente o aproveitamento didáctico individual para o que foron deseñados por tratarse dunha actividade avaliable para acadar a Avaliación Continua de cada persoa. Non obstante, agradecemos que inclúan esta información nas valoracións pois, ao constatar as nosas sospeitas, obríganos a redeseñar esta actividade, pero non a suprimila pois apreciamos que recoñecen a súa utilidade como exercicios de autoavaliación.

Bioquímica I

Como coordinador desta materia e tamén do 2º curso, o **prof. Covelo Artos**, redactor deste informe, tamén inclúe algúns comentarios ás valoracións do alumnado. No referente á cuestionada utilidade de moitas prácticas e seminarios á que fan referencia moitos/as estudantes, teño a sensación de que a maioría dos/as estudantes só consideran “útiles” certas actividades se son necesarias (ou serven) para superar o exame, e non consideran a importancia para a súa formación, mesmo cando ás veces estas actividades tamén teñen unha valoración propia na avaliación (como é o caso, por exemplo de Bioquímica I coas prácticas).

No relativo á docencia telemática, coincido co alumnado ao considerar que non é o mellor xeito de levar a cabo as clases, e que cada un/ha fixo a mellor adaptación posible ante a situación, con maior ou menor éxito, pero sempre poñendo a mellor vontade. No meu caso, a gravación dos vídeos que puxen á disposición do alumnado en lugar de sesións en directo, supuxo un traballo engadido porque implicou a modificación das presentacións dos temas para incluír todo aquilo que escribo habitualmente no encerado, máis axustar locución. Todo isto supuxo, que de media, cada sesión de clase en vídeo supuña 3 o 4 veces máis de tempo que a súa duración co fin de tiveran a maior calidade de contidos. Ben é certo que algúns/has alumnos/as me agradeceron este formato, xa que o preferían ás sesións *on line* en formato síncrono, xa que podían visualizar os vídeos en calquera momento.

No que non estou de acordo é que a docencia neste curso supuxera un maior esforzo e dedicación pola maior carga de traballo, polo menos no caso de Bioquímica I. O número de horas e os contidos de expositivas foron os mesmos que no curso precedente. Os seminarios foron os mesmos, e mesmo facendo menos problemas, xa que os cuestionarios (antes entregados ao finalizar en papel) foron substituídos por cuestionarios no curso virtual ao finalizar cada seminario (dentro do horario de cada

seminario). Ben é certo, que ao facer menos problemas eles/as podían facer o resto pola súa conta, pero foron contados/as os/as alumnos/as que me expuxeron dúbidas ao tratar de resolver as preguntas non resoltas durante o seminario. E nas prácticas, a redución á metade da parte presencial compensada coa visualización dalgúns contidos extra e a realización dalgún problema, de ningún xeito puido supor máis tempo que o correspondente ao 50% non presencial das horas de prácticas.

Descoñecendo o que ocorre noutras titulacións da USC, considero que o exame é necesario para a avaliación do alumnado porque representa a única maneira de comprobar o rendemento individual. En moitos casos a avaliación continua baséase na realización de traballos colectivos onde non se pode asegurar o nivel de traballo e implicación de cada membro/a do grupo. No caso de Bioquímica I, a realización de memorias de prácticas realizadas en horario non presencial, aínda que teoricamente individual, na práctica están copiadas a maioría unhas das outras, ata cos mesmos erros grosseiros ou mesmo faltas de ortografía. Tal deberíamos ser máis esixentes na súa corrección e suspender tanto ao/á copiado/a como ao/á copiadador/a. Ou ben, como se fai nalgunhas materias e titulacións (e se facía tamén noutros tempos), nas sesións de prácticas dar os protocolos e o material e deixar que o alumnado realizara a práctica sen máis axuda e supervisión, valorando exclusivamente o resultado final obtido. En calquera destes casos, veríamos entón cantos alumnos/as tiñan unha nota “decente” nese apartado e cantos/as protestarían para ter un modelo de avaliación diferente. Nos seminarios, onde se fai unha resolución conxunta e colectiva de problemas (e logo un cuestionario individual onde dispoñen tamén de libros e apuntes, das que dispoñen inmediatamente da nota obtida), poderían converterse en pequenos exames de temas, sen máis axuda que os seus coñecementos. Aínda que se lles indica que leven a materia estudiada para o máximo aproveitamento do seminario, na maioría dos casos non teñen nin lido os temas previamente. A ver entón como reaccionarían se os seminarios foxen verdadeiras probas individuais dos seus coñecementos. Teño que recalcar tamén que no caso de Bioquímica I non hai nota mínima na avaliación continua, de xeito que poderán sempre presentarse ao exame coa posibilidade de aprobar. E, en xeral, aqueles/as alumnos/as que se esforzan durante o curso na avaliación continua son os que superan o exame e a materia, e os/as que non asisten aos seminarios, ou non se esforzan nos cuestionarios por non ter a materia repasada, ou fan unha memoria de prácticas desastrosa, son os/as que non acadan o mínimo de 4/10 no exame.

Para finalizar, uns breves comentarios sobre os resultados das enquisas. Os resultados das preguntas 1 e 2 non son comprensibles. Impartiuse todo o programado dada a situación docente que tivemos. Fixéronse todos os seminarios programados, impartíronse o 50% das prácticas de modo presencial (e o resto con complementos e

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

explicacións non presenciais) e déronse todos os temas do programa de expositivas. As titorías apenas foron empregadas, foron a petición do alumnado, como se indicou na presentación da materia e está reflectido na guía docente. Aqueles/as que as empregaron vía correo electrónico foron sempre puntualmente atendidos/as nas súas dúbidas (teño a compilación dos correos para demostralo e o agradecemento dalgúns/has pola atención recibida). Ningún/ha alumno/a solicitou titorías por MS-Teams nin presenciais, opcións que tamén se lles ofreceron. Polo tanto, que dous persoas marquen 1 neste apartado non é de recibo. Se non as empregaron deberían marcar 0, como fixo a outra persoa. Sobre as preguntas 7, 8 e 9 pouco que dicir porque aí cada un/ha respondeu unha cousa diferente, de xeito que hai pouca conclusión que sacar.

O Coordinador de Segundo do Grao de Bioloxía

Fdo. Guillermo Covelo Artos


Terceiro Curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Neste curso volveuse á realización das enquisas de xeito presencial. Recolléronse 20 enquisas no grupo A e 15 enquisas no grupo B. Aínda que moito maior que as enquisas recollidas de xeito telemático (8) no curso 20-21, o número de enquisas recollido e menor cas recollidas nos cursos 7/18 (57), 18/19 (52) r 19/20 (49). O día 10 de Maio de 2022 se mantivo unha reunión coas representantes de grupo Mar Cortegoso Santiago (Grupo A) e Verónica Vázquez Pereiras (Grupo B). Incluíronse neste informe os comentarios que apareceron en máis dunha enquisa e foron corroborados polas representantes. Outros comentarios puntuais recollidos nas enquisas xa foran enviados aos coordinadores das materias xunto con un primeiro borrador do informe o día 6/5/22, para ser tidos en conta no seu caso. Non se recibiron comentarios dos coordinadores, que estiveron de acordo en que non era necesaria a realización dunha reunión para avaliar os resultados.

RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DO ALUMNADO

Como se acordou en reunións previas cos coordinadores das materias de terceiro curso, para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta a preguntas 9 e 10, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. Este ano volveuse a aplicar a regra acordada polos coordinadores para non ter en conta os valores obtidos nas preguntas que tiveron menos dun 50% de respostas no cálculo das medias.




Media do resultado das enquisas de valoración para cada unha das materias no curso 21/22 As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8. Non se consideraron as preguntas que recibiron menos dun 50% de respostas

En canto as medias das avaliacións das preguntas 1-8 para cada unha das materias, débese ter en conta que no curso 20/21 tódalas materias de terceiro eran impartidas polos mesmos profesores nos dous grupos. As diferenzas poderían derivarse do baixo número de enquisas recollido.

As notas promedio de todas as materias recuperáronse neste curso en relación ao descenso que se producira no curso 20/21, no que a docencia foi semi-presencial e as enquisas foron telemáticas. A única materia que non recuperou os valores pre-pandemia foi Ecoloxía I.

Diversas enquisas recollen queixas sobre o feito de que o profesorado non respecta os 10 minutos de descanso entre clases.



Evolución da valoración xeral das materias (preguntas 1-8) do primeiro cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Bioloxía nos cursos 17/18, 18/19, 19/20, 20/21 e 21/22. No curso 2020/21 a enquisa fíxose on-line, cun número moi pequeno de respostas (8 enquisas).

Valoración das materias.


Fisioloxía Vexetal I (Coordinadora: Prof. M. Gloria Revilla)

Contestaron a enquisa un total de 33 alumnos para esta materia, 18 do grupo A e 15 do grupo B. A valoración das preguntas 1-8 foi de 2,21, fronte aos 1,71 do curso 20/21, e 2,34 para as preguntas 1-10, fronte aos 1,95 do curso 20/21. Non se tivo en conta para as medias a pregunta 4 (titorías) xa que non acadou o mínimo do 50% de respostas.

As enquisas recollen numerosos comentarios, que foron corroborados polas representantes, con respecto a que a complexidade dos seminarios non era axeitada xa que se trataba de tarefas interesantes, pero que facían por primeira vez e non lles quedaba claro o xeito de contestar as preguntas. Estas tarefas xeneraban moita tensión entre os estudantes. Tamén se considera que aínda que o exame se axustaba ao impartido na clase, o nivel de esixencia aplicado na corrección dos exames foi moi

elevado. Tendo en conta o reflectido nas enquisas do segundo cuadrimestre e a opinión das representantes, estes problemas melloraron significativamente na materia Fisioloxía vexetal II.

Tamén se suxire a realización do exame de prácticas cando se rematan as mesmas, e non xunto co exame final.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Fisioloxía Animal (Coordinadora Prof. Celia Pombo Ramos)

Contestaron a enquisa un total de 33 alumnos para esta materia (19 do grupo A e 14 do grupo B). A media preguntas 1-8 foi de 2,55 fronte aos 2,43 do curso 20/21 e 2,60 para as preguntas 1-10, fronte aos 2,03 do curso 20/21. Non se tivo en conta para as medias a pregunta 4 (titorías) xa que non acadou o mínimo do 50% de respostas.

Varias enquisas recollen comentarios relacionados con a pouca utilidade das prácticas virtuais.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Microbioloxía I (Coordinador: Prof. Manuel Lemos)

Contestaron a enquisa un total de 30 alumnos para esta materia (16 do grupo A e 14 do grupo B). A materia acadou unha puntuación media de 2,63 para as preguntas 1-8, fronte aos 2,10 acadados no curso 20/21 e 2,36 para as preguntas 1-10 fronte aos 2,0 acadados no curso anterior. Non se tivo en conta para as medias a pregunta 4 (titorías) xa que non acadou o mínimo do 50% de respostas.

Non houbo comentarios significativos nas enquisas nen por parte das representantes de grupo.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
- 10.- Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Ecoloxía I (Coordinador: Prof. J. Ángel Fernández Escribano)

Contestaron a enquisa un total de 32 alumnos para esta materia (17 do grupo A e 15 do grupo B). A valoración media das respostas foi de 2,04 para as preguntas 1-8, fronte aos 1,78 obtidos no curso 20/21, e 2,18 para as preguntas 1-10, fronte aos 1,94 obtidos no curso 20/21.

As representantes corroboran os comentarios das enquisas sobre que as explicacións proporcionadas na clase eran insuficientes, o que quedou reflexado na nota dos controles. A puntuación asignada as prácticas de campo se considera baixa. Nos seminarios, os estudantes atoparon dificultades na resolución de exercicios e na utilización do Excel.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústanse ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Xenética evolutiva (Coordinador: Prof. Román Vilas)

O número de estudantes que avaliaron esta materia foi de 29 (14 do grupo A e 15 do grupo B). A media total da materia foi 2,52 tendo en conta as preguntas 1-8, fronte aos 1,81 acadados no curso 20/21 e tendo en conta todas as preguntas, 2,44 fronte aos 1,91 do curso 20/21. Nestas medias non se tiveron en conta as respostas a pregunta 5, xa que esta materia non ten clases de laboratorio.

As representantes indican que a materia estivo moi ben explicada e axustouse moi ben ao exame.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústanse ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Santiago de Compostela, 2 de Marzo de 2023

Fdo. Ana María Otero Casal

REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Neste semestre se fixo reunión cos representantes dos/as alumnos/as e os comentarios foron introducidos no apartado anterior

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

Neste semestre se fixo reunión cos coordinadores das materias de terceiro e os comentarios xa foron introducidos no apartado anterior

A Coordinadora de terceiro do Grao en Bioloxía

Fdo. Ana María Otero Casal

Cuarto Curso

VALORACIÓN XERAL DA ENQUISA

En primeiro lugar, no curso 2021-22, debido a baixa participación dos alumnos nas enquisas de coordinación on-line nos cursos precedentes, as enquisas fixéronse de xeito presencial tal e como xa se decidira o curso previo. A participación do alumnado foi moito máis alta ($n= 64$), con 32 alumn@s no caso do grupo A e 30 alumn@s no caso do grupo B; dous/dúas alumnos/as non indicaron o grupo de docencia expositiva, e un deles non cursou ningunha materia neste primeiro semestre. Debido ao maior número de enquisas cubertas no curso 2021-22 os datos das materias obrigatorias deste semestre presentaranse tamén disgregados para o grupo A e o grupo B.

O maior número de enquisas se corresponde lóxicamente coas dúas materias obrigatorias: Ecoloxía III ($n= 30$ no grupo A e 27 no grupo B; total= 57) e Bioloxía Molecular ($n= 26$ no grupo A e $n=25$ no grupo B; total= 51). En canto as materias optativas, o número de enquisas cubertas foi: Biodiversidade Vexetal e Conservación ($n= 7$ no grupo A e $n=10$ no grupo B; total= 17), Microbioloxía Clínica ($n= 17$ no grupo A e $n= 17$ no grupo B; total= 34), Fitopatoloxía ($n= 9$ no grupo A e $n= 12$ no grupo B; total= 21), Inmunoloxía ($n= 16$ no grupo A e $n= 16$ no grupo B; total= 32), Neurobioloxía ($n= 9$ no grupo A e $n= 4$ no grupo B; total= 13), Parasitoloxía ($n= 10$ no grupo A e $n= 8$ no grupo B; total= 18), Viroloxía ($n= 12$ no grupo A e $n= 14$ no grupo B; total= 26). A materia con menor número de enquisas foi novamente Edafoloxía ($n= 2$ no grupo A e $n= 0$ no grupo B; total= 2).

Como no informe do pasado curso ($R^2= 0,9057$), como é lóxico o número de enquisas cubertas está relacionado co número de estudantes matriculados nas materias optativas no curso 2021/2022 ($R^2= 0,8861$). A evolución deste número preséntase na Figura 1. Pódese observar que cinco das oito materias optativas teñen un número de alumnos superior a 40, pero tres delas presentan un número inferior: Parasitoloxía (31), Neurobioloxía (21) e Edafoloxía (10). Chama a atención o baixo número de alumn@s na materia de Edafoloxía e o descenso nos dous últimos anos do número de alumnos tanto nesta materia como en Fitopatoloxía. Tamén no caso de Neurobioloxía existe unha acusada redución do número de estudantes nos últimos catro cursos. Outras materias parecen ter un número máis estable de alumnos, con altibaixos, como pode ser Inmunoloxía, Microbioloxía Clínica, Parasitoloxía, Bioloxía Vexetal e Conservación, ou Viroloxía.

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

Todos os items foron valorados como 0 (non procede), 1, 2 e 3. No caso de que as preguntas non foran contestadas (por exemplo, porque o alumno/a non cursase esa materia ese ano ou porque nesa materia non houbo unha determinada actividade, como por exemplo as titorías, a cuadrícula foi cuberta polo coordinador como 0, non procede).

Evolución do número de alumnos nas materias optativas do primeiro semestre do 4º curso do Grao en Bioloxía da USC




Figura 1. Evolución do número de alumnos matriculados nas materias optativas do primeiro semestre de cuarto no Grao de Bioloxía.

O nivel de esforzo medio de todas as materias do primeiro semestre foi de 2.19 ± 0.53 (media \pm SD; nivel medio de esforzo), e o Nº de horas semanais 2.05 ± 0.52 (media \pm SD; 3-6 horas semanais por materia). Existe unha elevada correlación entre ambos items como sempre ($R^2 = 0.964$), o cal indica que ofrecen a mesma información. Tamén detéctase unha certa dispersión dos datos (Pregunta 9, CV= 23.94%; Pregunta 10, CV= 25.26%), que débese ao diferente nivel de esforzo que supoñen as distintas materias. Así, Bioloxía Molecular (materia obrigatoria) e Neurobioloxía (materia optativa) seguen a ser as materias que requiren un maior esforzo (Pregunta 9) para a súa superación (3 e 2,92 respectivamente), seguidas de Microbioloxía Clínica (2.53), Viroloxía (2.33), Inmunoloxía (2.19), Fitopatoloxía (2.10), Edafoloxía (2) e Parasitoloxía (1.88). Podería ser que o esforzo que supón a materia de Neurobioloxía para os estudantes podería estar a influír de xeito negativo no número de alumnos matriculados

nesta materia, que como xa se comentou está a descender nos últimos catro cursos de xeito acusado. Se embargo, isto non é aplicable a outras materias optativas como Edafoloxía e Parasitoloxía, que supoñen o menor nivel de esforzo para os/as estudantes segundo a enquisa.

Como en cursos precedentes, para obter a puntuación media das materias na enquisa se tiveron en conta soamente as valoracións das preguntas 1-8, xa que as preguntas 9 e 10 se refiren ao esforzo e número de horas de dedicación respectivamente que supoñen as materias para o alumno. A nota media (\pm SD) das materias no primeiro semestre foi de 2.48 ± 0.27 (CV = 11%) sobre 3 puntos, polo que a valoración xeral é boa como en cursos precedentes. Coa única excepción de Biodiversidade Vexetal e Conservación (1.99), que pode ser debido a que a baixa do coordinador da materia e os mecanismos pouco áxiles de substitución do profesor, o resto das materias superaron unha puntuación global de 2 (igual que o ano pasado). Fitopatoloxía (2.83) e curiosamente Neurobioloxía (2.76) e Edafoloxía (2.69) teñen moi boas valoracións por parte dos alumnos, o cal destaca a luz da redución de alumnos nos últimos anos no caso das dúas últimas materias. No lado oposto, as materias con menor valoración foron Parasitoloxía (2.25 ± 0.50) e Bioloxía Molecular (2.19 ± 0.31), algo que podería explicarse co tema do esforzo e número de horas de dedicación á materia no caso de Bioloxía Molecular pero non no caso de Parasitoloxía.

En canto as variables que inflúen máis nas notas das materias, neste semestre de 2021-22 parecen depender sobre todo de si os/as alumnos/as senten que a materia mellora a súa formación ($p = 0,875$, $p < 0.0001$), da utilidade dos seminarios ($p = 0,818$, $p = 0,0015$), do axuste do temario impartido ao programa establecido ($p = 0.760$, $p = 0.0087$), do axuste das actividades ao reflectido pola guía docente ($p = 0.699$, $p = 0.02$), e da utilidade das titorías ($p = 0.624$, $p = 0.048$).

En relación aos comentarios feitos polos alumnos, non houbo ningún referido a propia enquisa, pero si xerais sobre o curso. De feito, un alumno do grupo A (#28) pediu un *“maior nivel de organización e planificación para que non sucedan casos como os de Biodiversidade Vexetal, que os alumnos estiveron tempo sen profesor, prácticas en malas condicións climatolóxicas en campo, etc”*. Neste mesmo sentido, un/unha alumno/a do grupo B (#12) comenta que *“Biodiversidade Vexetal se organizou tarde debido á ausencia do profesor titular”*.

Outro comentario dun alumno do grupo A (#29) foi o seguinte: *“En todas as materias hai o problema de falta de tempo. Non é un problema do profesorado, posto que a todos lles ocorre o mesmo. Hai unha cantidade de materia moi grande para as*

horas que se dedican as materias. Dentro de isto podo englobar o feito de que os créditos das materias obrigatorias non me parecen axeitados. Ecoloxía III e Bioloxía Molecular son de 4.5 créditos, pero a carga da materia é equiparable a calquera materia de 6 créditos. Entendo que isto é o que fai que as horas de docencia sexan inferiores, pero reducindo o tempo dedicado a estas materias o que se conseguiu foi que en Ecoloxía III o profesor tivera que dar varios temas moi rápido, dificultando o entendemento da materia. En Bioloxía Molecular demos aproximadamente a metade do temario (6 temas dos 11 existentes). Isto fai que a materia que damos sexa máis difícil de entender por ir rápido, pero ademais perdemos moita materia polo que os nosos coñecementos ao rematar son menores”.

Dentro do grupo A, o/a alumno/a #32 pide un “*maior aproveitamento do tempo nos seminarios de xeito xeral; existe un exceso de horas de estes no horario para o grao de aproveitamento que teñen, o que repercute negativamente nas horas de estudio dispoñibles, sobre todo si se intenta abordar o 4º ano con todas as materias para superalo o mesmo ano, incluído o TFG*”. Este mesmo alumno/a do grupo A indica que “*sería de agradecer que todos os exames se realizaran antes de nadal, aínda que iso implique empezar antes o curso académico. Deste xeito se pode ter un descanso aceptable antes do segundo semestre. Cabe destacar que algunhas materias son capaces de facelo, polo que non vexo a imposibilidade de que o fagan todas, como noutras universidades*” [nota do coordinador do Grao: No curso académico 2021-22 o período lectivo foi dende 06/09/2021 ata o 22/12/2021, segundo o calendario oficial da USC. Cada Centro, en función das súas circunstancias, fixa o calendario de probas finais de cada oportunidade dentro do período de apertura de actas, que no primeiro semestre do curso 2021-22 foi do 16/12/2021 ao 04/02/2022. Dado que existen 2 materias obrigatorias e 8 materias optativas no primeiro semestre do Grao en Bioloxía, o período comprendido entre o 16/12/2021 e o 22/12/2021 é de soamente 6 días, e dado que a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións (aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011) indica que “*Na programación do calendario de exames evitárase que un estudante sexa convocado a probas oficiais de carácter global de distintas materias do mesmo curso nun prazo inferior a vinte e catro horas*”, a petición do/a alumno/a resulta complexa. A isto engádese que só poderanse realizar probas finais en datas anteriores ao remate do período lectivo fixado no calendario cando estea concluída a actividade lectiva programada da materia correspondente, pero isto non é posible con todas as materias. Polo tanto, resulta moi difícil poñer todos os exames antes de nadal, a non ser que o período lectivo comece a principio de setembro].

Un/unha alumno/a do grupo B (#24) pide “*aproveitar mellor os horarios de titorías*” e tamén “*axustar o calendario de prácticas á docencia expositiva*”. Tamén cree que “*as materias optativas non deberían ter a mesma carga lectiva nin ter un nivel de esixencia similar/superior a unha materia obrigatoria, sobre todo polos créditos ECTS obtidos por ese esforzo*”.

O/a alumno/a #27 pide que se realicen “*máis traballos e exposicións nos demais cursos do Grao ao igual que se fai en cuarto*” [nota do coordinador: O número de alumnos en materias básicas e obrigatorias nos primeiros tres cursos do Grao dificulta facer moitos tipos de actividades que son máis sinxelas en cuarto, xa que o número de alumnos nas materias optativas é máis reducido]. Tamén pide “*máis horas de prácticas e menos de expositivas*”, xa que “*axudarían máis á nosa formación*”, e “*igualar a dificultade (horas dedicadas) en materias cos mesmos créditos*”. Finalmente, o/a alumno/a #28 do grupo B pide “*darlle máis importancia ás prácticas externas*”

VALORACIÓNS DE CADA PREGUNTA DO CUESTIONARIO

Os items mellor valorados foron o 1 (“axuste das actividades ao reflectido pola guía docente” (2.73 ± 0.45), o 8 (“A docencia da materia mellora a miña formación”) (2.64 ± 0.27), o 2 (“o temario impartido se axusta ao programa establecido”) (2.63 ± 0.47), o 7 (“Nivel esixencia na avaliación”) (2.61 ± 0.32) e o 3 (“Redundancias e/ou solapamentos”) (2.60 ± 0.23). Os items peor valorados son como en anos previos os números 6 (“Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia”; 2.32 ± 0.47) e o 4 (“As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia”; 1.84 ± 0.50); de feito, moitos estudantes non contestan este item (valor 0), aínda que na guía docente de todas as materias do primeiro semestre figuran como actividade docente.

- 1. As actividades realizadas na materia se axustan as reflectidas na guía docente.** *Valoración dos estudantes: 2.73 ± 0.45. Item ben valorado.*
- 2. O temario impartido se axusta ao programa establecido.** *Valoración dos estudantes: 2.63 ± 0.47. Item ben valorado.*
- 3. Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou de cursos diferentes.** *Valoración dos estudantes: 2.60 ± 0.23.*
- 4. As titorías son de utilidade no desenrolo dos contidos da materia.** *Valoración dos estudantes: 1.84 ± 0.50. É o item peor valorado.*


5. **As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenrolo da materia.** *Valoración dos estudantes:* 2.50 ± 0.43 .
6. **Os seminarios son de utilidade para o desenrolo da materia.** *Valoración dos estudantes:* 2.32 ± 0.47 .
7. **O nivel esixido na avaliación se axustou ao nivel dado nas aulas.** *Valoración dos estudantes:* 2.61 ± 0.32 . Este ano a valoración foi por enriba de 2.5, o cal quere dicir que en xeral os alumnos perciben que o nivel do exame se correspondeu co nivel impartido na aula.
8. **A docencia da materia mellora a miña formación.** *Valoración dos estudantes:* 2.64 ± 0.27 . Item ben valorado, que nos indica que as materias están servindo ao propósito de formar aos alumnos. Isto repítese ano tras ano.
9. **Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto).** *Valoración dos estudantes:* 2.19 ± 0.53 ; O nivel de esforzo e dedicación dos estudantes é medio.
10. **Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).** *Valoración dos estudantes:* 2.05 ± 0.52 . O número de horas correspóndese con nivel de esforzo e dedicación medio do item anterior. O problema da carga de traballo non parece ser xeneralizado en cuarto, e concéntrase en certas materias.

COMENTARIOS SOBRE CADA MATERIA EN PARTICULAR


Ecología III (coordinador: José Carlos Rubén Retuerto Franco)

Nº enquisas cubiertas: 57, nota media 2.38 ± 0.40 (datos conxuntos; $n=57$), 2.37 ± 0.39 (grupo A; $n=30$), 2.38 ± 0.42 (grupo B; $n=27$).


Datos conxuntos



Grupo A



Grupo B



1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).


En relación aos comentarios dos alumn@s houbo algúns positivos. Así, un/unha alumno/a (#21) resaltou a gran labor como profesor e persoa do coordinador da materia polo grao de implicación cos alumnos e de preocupación por eles. Outro estudante (#30) comenta que “os seminarios aportaban datos interesantes e complementarios as clases que facían que se entendera mellor a materia”, tamén que “gústame a idea dos foros, aínda que só serviron para saber máis dun tema, xa que non vimos as exposicións dos nosos compañeiros”. #31 “Materia moi interesante e completa, ademais de aplicable a un gran abano de eidos. Os seminarios en particular foron clases interactivas moi interesantes, xa que brindaban coñecementos de todo tipo e información importante que debería ser básica para calquera biólogo/a e mesmo para calquera persoa. Interactivas satisfactorias”. Houbo tamén pequenas críticas por parte de dous alumnos do grupo A: Así, un alumno (#1) cree que a materia é “pouco interesante” salvo os temas de conservación e cambio climático, e que debería darse a materia mais lentamente e dándolle máis importancia ao entendemento do alumnado; tamén se queixa da esixencia na avaliación. O/a alumno/a #6 comenta que “Debido á especialidade na que algúns de nós nos queremos enfocar, penso que a materia de Ecoloxía debería ser optativa en lugar de obrigatoria, xa que foi un temario moi xenérico no que poderíamos profundar pola nosa conta se estiveramos interesados, podendo estudar no seu lugar outra materia que nos encamiñe máis cara a área biosanitaria”. #31 “As prácticas de ordenador foron difíciles e persoalmente non adquirín coñecementos adicionais útiles”.

No grupo B, o/a alumno/a #11 comenta que non lle atopa moita utilidade ás horas interactivas, prácticas de ordenador e seminarios, e que a loxística nas prácticas de campo debe mellorar. Finalmente e tamén no grupo B, o/a alumno/a #29 comenta que “as prácticas de ordenador en Ecoloxía III son de pouca utilidade para o entendemento da materia. O exame final axústase ao nivel impartido, aínda que a porcentaxe [da nota] que lle corresponde aos seminarios e titorías é elevado, cando xa se dedican suficientes horas e cuestionarios (10 cuestionarios de moitas preguntas) que só valen 0.1 cada cuestionario”


Bioloxía Molecular (coordinador: Primitivo Barja Francisco)

Nº enquisas 51, nota media 2.19 ± 0.31 (datos conxuntos; $n=51$), 2.40 ± 0.26 (grupo A; $n=26$), 1.98 ± 0.37 (grupo B; $n=25$).


Datos conxuntos



Grupo A



Grupo B



1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de <u>traballo personal</u> (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

En relación cos comentarios do alumnado desta materia, se fixeron comentarios positivos cara a materia. Así, no grupo A: #1 Felicitacións ao docente. #4 “*Sempre se critica ao profesor de Bioloxía Molecular por ser demasiado esixente. Penso que isto non é así, a esixencia axústase ao explicado na clase e considero ao profesor un dos mellores e máis implicados de toda a carreira*”. Outro alumno/a (#21) resaltou a gran labor como profesor e persoa do coordinador da materia polo grao de implicación cos alumnos e de preocupación por eles.


Por outra banda, tamén houbo algunhas críticas. Así, no grupo A: (#19) “A forma de avaliar os seminarios non é axeitada nin xusta para o alumnado” [nota do coordinador: o/a alumno/a non especificou máis]. (#30) “*En Bioloxía Molecular estaría ben engadir unhas prácticas, para fomentar o interese e ver a utilidade práctica desta materia*” [nota do coordinador do Grao en Bioloxía: A materia ten prácticas na segunda edición do Grao de Bioloxía, que rematará a súa implantación no curso 2023-24]. Este/a mesmo/a alumno/a comenta que “*Os temas son demasiado longos para que, tal e como está programada, de tempo a dar todo*”. Neste mesmo sentido, o/a alumno/a #31 sinala que Bioloxía Molecular é unha “*materia moi densa e extensa tendo en conta o número de créditos (4.5)*”. No grupo B o/a alumno/a #11 pensa que “*as horas necesarias para molecular son moitas máis das estipuladas por crédito correspondente*”, o/a alumno/a #17 que “*en Bioloxía Molecular o nivel de tempo de estudo é excesivo e a corrección demasiado esixente*” [nota do coordinador do Grao en Bioloxía: esta materia pasou a ter

6 créditos na segunda edición do Grao en Bioloxía].

Tamén no grupo B, un/unha alumno/a (#12) indica que “*non está ben planificada e esixe un nivel de detalle non visto en clase*”, e outro (#13) sinala a “*excesiva dificultade das probas e excesiva esixencia ao corrixilas*”, “*require un tempo de traballo persoal que case ninguén dispón, a non ser que se deixen as demais materias e nos centremos unicamente nesta e aínda así probablemente seguiríamos sen tempo para estudar todo no detalle que se nos pide*” “*Parece que está pensada para ser superada só por persoas cunha excepcional capacidade memorística e penso que é inxusto e innecesario*”. No mesmo sentido do tema da esixencia, un/unha alumno/a do grupo B (#14) comenta que o profesor “*é demasiado esixente a hora de corrixir os exames. Considero que a materia está ben organizada, aínda que este ano quedoulle moita materia por explicar por falta de tempo. O exame se adapta ao explicado en clase; non obstante, as notas son moi baixas porque a corrección é demasiado esixente*”. O/A alumno/a do grupo B número #16 comenta que “*a materia de Bioloxía Molecular é difícil chegar ao detalle debido á gran extensión da materia; aprenderíase máis se fora menos. Moita materia para soamente 4.5 créditos*”.

Biodiversidade vexetal e conservación (coordinador: Francisco Javier Amigo Vázquez)

Nº enquisas 17, nota media 1.99 ± 0.57 .




1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de traballo persoal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

En relación cos comentarios dos estudantes na enquisa, un alumno do grupo A (#28) pediu un “*maior nivel de organización e planificación para que non sucedan casos como os de Biodiversidade Vexetal, que os alumnos estiveron tempo sen profesor, prácticas en malas condicións climatolóxicas en campo, etc*”. Neste mesmo sentido, un/unha alumno/a do grupo B (#12) comenta que “*Biodiversidade Vexetal se organizou tarde debido á ausencia do profesor titular, pero Javier Amigo soubo adaptar a materia ao exame*”. Tamén no grupo B, un/unha alumna comenta que “*a práctica de campo de Biodiversidade Vexetal levouse a cabo nun día de temporal, non dando opción a aprazala nin con semellantes condicións metereolóxicas*”, e no mesmo sentido fala o/a alumno/a #16: “*Na saída de campo de Biodiversidade Vexetal faltou organización*”. O/a alumno/a #28 do grupo B pide “*mellorar a organización en Biodiversidade Vexetal*”.

Microbioloxía Clínica (Coordinadora: María Ángeles Muñoz Crego)

Nº enquisas 34, nota media 2.49 ± 0.43 .




1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

En relación cos comentarios do alumnado desta materia no grupo A, o/a alumno/a #3 suxeriu que os cuestionarios de Microbioloxía Clínica se realicen en horario de clase para evitar problemas de horarios entre os alumnos. O/a alumno/a #14 indicou a dificultade que tivo a hora de seguir as clases de Microbioloxía Clínica porque se da

moita materia en pouco tempo. O/a alumno/a #30 pensa que “as prácticas de Microbioloxía Clínica axudan á comprensión da materia e a mellorar habilidades nun laboratorio, pero o feito de que estean moi preto do comezo do curso non axuda”. Un/unha alumno/a que non ten identificado o grupo pensa que o exame da materia “foi moi curto, resultando nun reflexo non apropiado do extensa que é a materia”. Finalmente, o/a alumno/a #29 do grupo B comenta que “a avaliación de Microbioloxía Clínica está moi ven repartida, cunha parte importante da materia con cuestionarios online que forman parte da avaliación continua. As prácticas durante unha semana enteira e faise un control esa mesma semana, o que axuda a entender o aprendido durante esa semana. O exame final foi de dificultade adecuada ao nivel impartido nas clases pero en un tempo inferior a 1 hora”.

Inmunoloxía (Coordinadora: Pilar Arias Crespo)

Nº enquisas 32, nota media 2.67 ± 0.20 .




1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de <u>traballo personal</u> (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

En canto aos comentarios sobre a materia no grupo A, para un/unha alumno/a (#21) as prácticas de laboratorio de Inmunoloxía parecerónlle unha perda de tempo, xa que solo se segue o protocolo e o alumnado non aprende nada. No grupo B, o/a alumno/a #11 comenta que a “docencia en xeral [todas as materias do primeiro semestre] boa, destacando a Pilar Arias como unha moi boa profesora explicando e aportando bos contidos, útiles para a nosa formación”. No grupo B, para o/a alumno/a

#16 a docencia da profesora Pilar Arias foi “moi positiva”. Un/unha alumno/a do grupo B (#18) comenta que “a profesora de Inmunoloxía foi moi considerada con nosoutros poñendo unha data alternativa de exame”

Edafoloxía (coordinador: Eduardo Garcia-Rodeja Gayoso)


Nº enquisas 2, nota media 2.69 ± 0.70 . Non existiron comentarios en relación con esta materia. Debido ao baixo número de enquisas recollidas a fiabilidade dos datos recollidos é limitada, así que se aconsella interpretalos con cautela.



- | |
|---|
| 1.- Actividades e guía docente. |
| 2.- Axuste do temario impartido |
| 3.- Redundancias e/ou solapamentos |
| 4.- Utilidade das titorías |
| 5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo) |
| 6.- Utilidade dos seminarios |
| 7.- Nivel esixencia na avaliación |
| 8.- A docencia da materia mellora a miña formación |
| 9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto) |
| 10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h). |

Fitopatoloxía (coordinadora: Margarita Lema Márquez)

Nº enquisas 21, nota media 2.83 ± 0.22 .




1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

En relación cos comentarios do alumnado desta materia, todos foron moi positivos nos dous grupos. Así, no grupo A #1 “A materia de Fitopatoloxía con Margarita foi maravillosa e estou moi desgustado de que xa non sexa docente no centro” #4 “Estou descontenta co acontecido coa profesora de Fitopatoloxía. Teño que presentarme á recuperación e non sei quen me vai a avaliar nin a maneira. Pido que se nos informe o antes posible de como se resolverá este problema”. No grupo B tamén se atoparon comentarios moi positivos nas enquisas. Así, tres alumnos/as (#15, #16, #17) comentaron que foi moi positiva a docencia de Fisiopatoloxía con Margarita Lema. Finalmente, o/a alumno/a #29 do grupo B comenta que “Fitopatoloxía foi unha materia moi ben repartida en canto a porcentaxe, onde tanto as prácticas coma os traballos individuais e en grupo axudaron a entender e observar en primeiro plano o estudado na teoría. Preparar o exame de prácticas como o de teoría foi doado grazas as diapositivas aportadas pola profesora, e o exame axustouse ao nivel impartido”

Neurobioloxía (coordinador: Manuel Alejo Aldegunde Villar)

Nº enquisas 13, nota media 2.76 ± 0.22 .




Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de <u>traballo personal</u> (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

En relación cos comentarios do alumnado desta materia, un alumno do grupo A (#1) dalle as súas felicitacións ao docente pola docencia na materia. Tamén un/unha alumno/a do grupo B (#18) agradece a rapidez con que foron dadas as cualificacións finais.

Parasitoxía (Coordinador: Jose Manuel Leiro Vidal)


Nº enquisas 18, nota media 2.25 ± 0.50 . Non existiron comentarios en relación con esta materia.



1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de <u>traballo personal</u> (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

Viroloxía (Coordinador: Carlos Pereira Dopazo)

Nº enquisas 27, nota media 2.57 ± 0.28 .



1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

En canto aos comentarios do alumnado sobre esta materia, para un/unha alumno/a do grupo A (#19) pareceulle que “a memoria de prácticas é demasiado extensa para as horas que suponse que tes que empregar”.

Santiago de Compostela, a 20 de outubro de 2022

Francisco Javier Salgado Castro
Coordinador do Grao de Bioloxía

Facultade de Bioloxía. Universidade de Santiago de Compostela

REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DOS/AS ALUMNOS/AS

Este semestre non houbo reunión cos/as representantes do alumnado en cuarto curso

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

Para recoller a impresión do profesorado referida á marcha das materias do segundo semestre no curso 2021-22, o día 21/10/2022 o coordinador de cuarto enviou o seguinte correo aos coordinadores de materia: *Ola a todos/as. Envíovos os resultados da enquisa da materia de cuarto que coordinades correspondente ao primeiro semestre do curso 2021/2022. A enquisa foi realizada de xeito presencial, polo que o número de enquisas cubertas polos estudantes foi maior que o curso precedente. Como sempre, para completar a información e que exista o necesario contraste, necesitamos recoller tamén a vosa opinión. Para iso e para axilizar o proceso de recollida de información podédesme enviar os comentarios que consideredes oportunos a esta dirección de correo electrónico ao longo dos próximos días, os cales incluirei posteriormente no informe. Un saúdo. Francisco J Salgado. Coordinador do Grao de Bioloxía*

En resposta a dito correo soamente fixo algúns comentarios o profesor Primitivo Barja Francisco. Así, en relación ao comentario sobre o "nivel memorístico" que se esixe e "un nivel de detalle non visto en clase" o profesor sinala a falsidade da afirmación, xa que o final en moitas das cousas o que se lles esixe aos alumnos é menor do que se explica en clase, e no resto como máximo ao mesmo nivel, nunca xamais a maior nivel. En relación co comentario de que a materia "parece que está pensada para ser superada só por persoas cunha excepcional capacidade memorística e penso que é inxusto e innecesario" o profesor considera alucinante o nivel do comentario, xa que a materia hai que razoala e entendela para poder estudiala, o cal implica que para un estudante que soamente utilice a memoria non lle vai a resultar fácil aprobala, xa que os exames, ademais de teoría, necesitan moito máis razoamento e relación de conceptos.

Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2022



Francisco Javier Salgado Castro
Coordinador de 4º do Grao en Bioloxía

Anexo I

CURSO 2020-21. 1º CUADRIMESTRE. Xº GRAO

MARCA O TEU GRUPO DE DOCENCIA EXPOSITIVA: A B

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo personal** necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Os recadros en negro indican que non existe dita actividade na materia.																					
Apartado 1																					
Apartado 2																					
Apartado 3																					
Apartado 4																					
Apartado 5																					
Apartado 6																					
Apartado 7																					
Apartado 8																					
Apartado 9																					
Apartado 10																					
Observacións e suxerencias POR ORDE DE PRIORIDADE ; podes empregar o reverso do folio tamén para engadir máis observacións, e incluír suxerencias de preguntas para próximas enquisas:																					

Anexo II: DATOS DAS ENQUISAS

PRIMEIRO

Non existen datos correspondentes a enquisa do primeiro semestre neste curso

SEGUNDO

TOTAL	MATERIAS					
PREGUNTAS	BOTÁNICA I	ZOOLOXÍA I	XENÉTICA I	BIOL. DO DESENV.	BIOQUÍMICA II. METAB.	BIOQUÍMICA I (só DG plan vello)
P1	2,73	2,80	2,36	2,79	2,57	2,62
P2	2,85	2,86	2,34	2,85	2,48	2,33
P3	2,73	2,73	2,34	2,76	2,62	2,83
P4	1,43	2,15	1,99	1,81	1,82	1,67
P5	2,18	2,60	2,16	2,53	2,33	2,17
P6	1,44	2,31	2,39	1,95	2,64	2,92
P7	2,56	2,94	1,64	2,23	2,18	2,83
P8	2,39	2,73	1,86	2,69	2,61	2,67
P9	1,93	2,24	2,67	2,57	2,96	1,58
P10	1,52	1,90	2,24	2,26	2,52	1,67
media	2,29	2,64	2,13	2,45	2,41	2,50
SD	0,57	0,27	0,28	0,41	0,29	0,43

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

GRUPO A	MATERIAS					
PREGUNTAS	BOTÁNICA I	ZOOLOXÍA I	XENÉTICA I	BIOL. DO DESENV.	BIOQUÍMICA II. METAB.	BIOQUÍMICA I (só DG plan vello)
P1	2,84	2,81	2,67	2,91	2,84	
P2	2,89	2,81	2,58	2,94	2,61	
P3	2,71	2,54	2,50	2,78	2,75	
P4	1,56	1,70	1,97	2,11	1,87	
P5	2,44	2,58	2,40	2,83	2,55	
P6	1,76	2,10	2,39	2,21	2,90	
P7	2,68	2,92	1,69	2,31	2,56	
P8	2,43	2,50	1,92	2,85	2,79	
P9	1,84	2,18	2,87	2,69	3,00	
P10	1,43	1,78	2,57	2,47	2,64	
media	2,41	2,50	2,26	2,62	2,61	
SD	0,50	0,41	0,36	0,35	0,33	

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

GRUPO B	MATERIAS					
	Nome da materia	BOTÁNICA I	ZOOLOXÍA I	XENÉTICA I	BIOL. DO DESENV.	BIOQUÍMICA II. METAB.
P1	2,63	2,79	2,08	2,68	2,36	2,62
P2	2,81	2,90	2,13	2,77	2,38	2,33
P3	2,74	2,88	2,20	2,74	2,51	2,83
P4	1,34	2,44	2,00	1,62	1,79	1,67
P5	1,95	2,62	1,95	2,27	2,15	2,17
P6	1,22	2,45	2,39	1,73	2,42	2,92
P7	2,47	2,95	1,58	2,15	1,87	2,83
P8	2,35	2,93	1,81	2,55	2,46	2,67
P9	2,00	2,29	2,49	2,48	2,92	1,58
P10	1,60	2,00	1,92	2,08	2,42	1,67
media	2,19	2,75	2,02	2,31	2,24	2,50
SD	0,62	0,21	0,25	0,45	0,28	0,43

TERCEIRO

Anexo: Táboa resume das valoracións das materias do Primeiro Cuadrimestre do Terceiro Curso do Grao de Bioloxía. Curso 2021/22

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

Nome da materia	FISIOLOXÍA VEXETAL I	FISIOLOXÍA ANIMAL	MICROBIOLOXÍA I	ECOLOXÍA I	XENÉTICA EVOLUTIVA
P1	2,55	2,87	2,75	2,41	2,67
P2	2,67	2,87	2,89	2,41	2,77
P3	2,16	2,45	2,21	2,23	2,61
P4	1,38	2,08	1,64	1,85	1,95
P5	2,28	1,84	2,83	2,30	n.a.
P6	2,21	2,70	2,37	1,67	2,71
P7	1,45	2,52	2,73	1,42	2,41
P8	2,19	2,59	2,62	2,00	2,50
P9	2,91	2,91	1,50	2,91	2,48
P10	2,63	2,63	1,31	2,58	1,86
media (1-8)	2,21	2,55	2,63	2,04	2,52
SD (1-8)	0,39	0,35	0,25	0,37	0,28
					n.a. non aplica

Nas materias Fisioloxía Vexetal I, Fisioloxía Animal e Microbioloxía I non se tivo en conta a pregunta 4 para o cálculo das medias ao non alcanzaren o 50% de respostas

Anexo: Valoración pormenorizada das materias do Primeiro Cuadrimestre do Terceiro Curso do Grao de Bioloxía. Curso 2021/22

NOME DA MATERIA (TIPO)	TOTAL	ENQUISAS	0		1		2		3		NOTA
	ENQUISAS	CONTESTADAS	n	n	%	n	%	n	%		
FISIOLOXÍA VEXETAL											
1.- Actividades e guía docente.	35	31	4	1	3,23	12	38,71	18	58,06		2,55
2.- Axuste do temario impartido	34	30	4	2	6,67	6	20,00	22	73,33		2,67
3.- Redundancias e/ou solapamentos	35	32	3	9	28,13	9	28,13	14	43,75		2,16
4.- Utilidade das titorías	35	13	22	9	69,23	3	23,08	1	7,69		1,38
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)	35	32	3	4	12,50	15	46,88	13	40,63		2,28
6.- Utilidade dos seminarios	35	33	2	10	30,30	6	18,18	17	51,52		2,21
7.- Nivel esixencia na avaliación	35	31	4	19	61,29	10	32,26	2	6,45		1,45
8.- A docencia da materia mellora a miña formación	35	32	3	7	21,88	12	37,50	13	40,63		2,19
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)	35	33	2	0	0,00	3	9,09	30	90,91		2,91
10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).	35	32	3	1	3,13	10	31,25	21	65,63		2,63
										Media 1-8	2,21
										SD 1-8	0,39
										Media 1-10	2,34

NOME DA MATERIA (TIPO)	TOTAL	ENQUISAS	0		1		2		3		NOTA
	ENQUISAS	CONTESTADAS	n	n	%	n	%	n	%		
FISIOLOXÍA ANIMAL											
1.- Actividades e guía docente.	35	31	4	0	0,00	4	12,90	27	87,10		2,87
2.- Axuste do temario impartido	34	30	4	0	0,00	4	13,33	26	86,67		2,87
3.- Redundancias e/ou solapamentos	35	31	4	6	19,35	5	16,13	20	64,52		2,45
4.- Utilidade das titorías	35	13	22	3	23,08	6	46,15	4	30,77		2,08
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)	35	31	4	12	38,71	12	38,71	7	22,58		1,84
6.- Utilidade dos seminarios	35	33	2	1	3,03	8	24,24	24	72,73		2,70
7.- Nivel esixencia na avaliación	35	33	2	3	9,09	10	30,30	20	60,61		2,52
8.- A docencia da materia mellora a miña formación	35	32	3	1	3,13	11	34,38	20	62,50		2,59
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)	35	33	2	0	0,00	3	9,09	30	90,91		2,91
10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).	35	32	3	1	3,13	10	31,25	21	65,63		2,63
										Media 1-8	2,55
										SD 1-8	0,35
										Media 1-10	2,60

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

NOME DA MATERIA (TIPO)	TOTAL	ENQUISAS	0		1		2		3		NOTA
	ENQUISAS	CONTESTADAS	n	n	%	n	%	n	%		
<u>XENÉTICA EVOLUTIVA</u>											
1.- Actividades e guía docente.	35	27	8	0	0,00	9	33,33	18	66,67		2,67
2.- Axuste do temario impartido	34	26	8	1	3,85	4	15,38	21	80,77		2,77
3.- Redundancias e/ou solapamentos	35	28	7	1	3,57	9	32,14	18	64,29		2,61
4.- Utilidade das titorías	35	20	15	7	35,00	7	35,00	6	30,00		1,95
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)	0	0	0	0		0		0			n.a.
6.- Utilidade dos seminarios	35	28	7	0	0,00	8	28,57	20	71,43		2,71
7.- Nivel esixencia na avaliación	35	29	6	4	13,79	9	31,03	16	55,17		2,41
8.- A docencia da materia mellora a miña formación	35	28	7	2	7,14	10	35,71	16	57,14		2,50
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)	35	29	6	1	3,45	13	44,83	15	51,72		2,48
10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).	35	28	7	9	32,14	14	50,00	5	17,86		1,86
							n.a. non aplica		Media 1-8		2,52
									SD 1-8		0,28
									Media 1-10		2,44

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

CUARTO

En canto aos resultados de cada materias na enquisa estes son os seguintes;

Datos en conxunto (Grupos A +B):

Nome da materia	ECOLOXIA IIII (OB)	BIOLOXIA MOLECULAR (OB)	BIODIVERSIDADE VEXETAL	MICROBIOLOXÍA C	INMUNOLOXÍA	EDAFOLOXIA (I)	FITOPATOLOXÍA	NEUROBIOLOXÍA	PARASITOLOXÍA	VIROLOXÍA (OP)	media	SD	CV%	
P1	2,96	2,44	1,59	2,94	2,94	3,00	3,00	2,92	2,50	2,96	2,73	0,45	16,50	
P2	2,93	1,82	2,31	2,88	2,81	3,00	3,00	2,92	1,83	2,81	2,63	0,47	17,75	
P3	2,45	2,33	2,53	2,29	2,63	2,50	2,90	3,00	2,72	2,63	2,60	0,23	8,82	
P4	1,90	1,72	1,33	1,73	2,27	1,00	2,40	2,60	1,50	2,00	1,84	0,50	26,83	
P5	1,96			1,71	2,79	2,72	3,00	2,90	2,38	2,39	2,63	2,50	0,43	17,37
P6	2,29	2,37	1,40	2,21	2,61	3,00	2,56	2,54	1,67	2,50	2,32	0,47	20,24	
P7	2,25	2,13	2,88	2,24	2,61	3,00	2,90	2,83	2,80	2,50	2,61	0,32	12,13	
P8	2,26	2,53	2,19	2,79	2,75	3,00	2,95	2,85	2,56	2,56	2,64	0,27	10,39	
P9	1,63	3,00	1,35	2,53	2,19	2,00	2,10	2,92	1,88	2,33	2,19	0,53	23,94	
P10	1,46	2,90	1,35	2,32	1,94	2,00	1,81	2,77	1,67	2,26	2,05	0,52	25,26	
media	2,38	2,19	1,99	2,49	2,67	2,69	2,83	2,76	2,25	2,57	2,48	0,27	11,00	
SD	0,40	0,31	0,57	0,43	0,20	0,70	0,22	0,22	0,50	0,28				

Datos grupo A:

Nome da materia	ECOLOXIA IIII (OB)	BIOLOXIA MOLECULAR (OB)	BIODIVERSIDADE VEXETAL	MICROBIOLOXÍA C	INMUNOLOXÍA	EDAFOLOXIA (I)	FITOPATOLOXÍA	NEUROBIOLOXÍA	PARASITOLOXÍA	VIROLOXÍA (OP)	media	SD	CV%	
P1	2,97	2,69	1,71	2,94	2,94	3,00	3,00	2,89	2,50	2,92	2,76	0,40	14,46	
P2	2,97	2,04	2,14	2,94	2,81	3,00	3,00	3,00	1,70	2,67	2,63	0,48	18,42	
P3	2,41	2,46	2,71	2,18	2,56	2,50	3,00	3,00	2,60	2,67	2,61	0,25	9,74	
P4	2,09	2,08	1,33	1,83	2,50	1,00	2,00	2,50	1,25	1,80	1,84	0,51	27,67	
P5	1,97			1,71	2,88	2,69	3,00	3,00	2,11	2,20	2,50	2,45	0,47	19,37
P6	2,30	2,50	1,50	2,24	2,63	3,00	2,75	2,56	1,80	2,67	2,39	0,45	18,92	
P7	2,17	2,38	2,71	2,31	2,53	3,00	3,00	2,75	2,75	2,18	2,58	0,31	12,05	
P8	2,10	2,65	2,00	2,82	2,75	3,00	3,00	2,78	2,40	2,42	2,59	0,35	13,55	
P9	1,73	3,00	1,43	2,47	2,31	2,00	2,11	3,00	1,67	2,42	2,21	0,53	24,07	
P10	1,48	2,85	1,86	2,41	1,81	2,00	2,11	2,67	1,70	2,33	2,12	0,44	20,58	
media	2,37	2,40	1,98	2,52	2,68	2,69	2,84	2,70	2,15	2,48	2,48	0,27	10,76	
SD	0,39	0,26	0,52	0,43	0,15	0,70	0,35	0,30	0,52	0,35				

Datos grupo B:

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

Nome da materia	ECOLOXIA IIII (OB)	BIOLOXIA MOLECULAR (OB)	BIODIVERSIDADE VEXETAL	MICROBIOLOXÍA C	INMUNOLOXÍA (OP)	FITOPATOLOXÍA	NEUROBIOLOXÍA	PARASITOLOXÍA	VIROLOXÍA (OP)	media	SD	CV%
P1	2,96	2,17	1,50	2,94	2,94	3,00	3,00	2,50	3,00	2,67	0,53	19,69
P2	2,89	1,60	2,44	2,82	2,81	3,00	2,75	2,00	2,93	2,58	0,48	18,63
P3	2,48	2,20	2,40	2,41	2,69	2,83	3,00	2,88	2,60	2,61	0,26	10,01
P4	1,72	1,38	1,33	1,67	2,11	2,57	3,00	2,00	2,17	1,99	0,55	27,34
P5	1,96		1,70	2,71	2,75	2,83	3,00	2,63	2,73	2,54	0,46	17,94
P6	2,27	2,24	1,00	2,19	2,60	2,38	2,50	1,50	2,36	2,12	0,52	24,68
P7	2,33	1,87	3,00	2,18	2,69	2,83	3,00	2,86	2,73	2,61	0,40	15,14
P8	2,44	2,40	2,30	2,76	2,75	2,92	3,00	2,75	2,67	2,67	0,24	8,92
P9	1,52	3,00	1,30	2,59	2,06	2,08	2,75	2,13	2,27	2,19	0,55	25,08
P10	1,44	2,96	1,00	2,24	2,06	1,58	3,00	1,63	2,20	2,01	0,67	33,53
media	2,38	1,98	1,96	2,46	2,67	2,80	2,91	2,39	2,65	2,47	0,33	13,47
SD	0,42	0,37	0,68	0,43	0,25	0,22	0,19	0,50	0,28			

- 1.- Actividades e guía docente.
- 2.- Axuste do temario impartido
- 3.- Redundancias e/ou solapamentos
- 4.- Utilidade das titorías
- 5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
- 6.- Utilidade dos seminarios
- 7.- Nivel esixencia na avaliación
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de **traballo personal** (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).



INFORME COORDINACIÓN 2º SEMESTRE GRAO EN BIOLOXÍA

Curso Académico: 2021-2022

Javier Iglesias Piñeiro
Guillermo Covelo Artos
Ana M^a Otero Casal
Francisco J. Salgado Castro

Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o __/__/____
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o __/__/____

Presentación	p. 1
Primeiro Curso	p. 2
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 2
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 7
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 7
Segundo Curso	p. 8
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS</i>	p. 8
<i>COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS NO APARTADO “</i>	p. 12
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 24
Terceiro Curso	p. 26
<i>RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DO ALUMNADO</i>	p. 21
Cuarto Curso	p. 34
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS: VALORACIÓN XERAL DAS ENQUISAS</i>	p. 34
<i>REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 46
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 46
<i>Anexos</i>	p. 49

Presentación

Neste informe preséntanse os resultados das enquisas sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no segundo semestre do curso 2021-2022. Tamén se presentan os resumos de algunhas das reunións mantidas entre os coordinadores de curso e os representantes de alumnos (cando houbo dita posibilidade), así como certos encontros feitos ou correos intercambiados, tamén na medida do que foi posible, entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias. Os coordinadores para o segundo semestre do curso 2020-2021 foron:

- 1º curso: Javier Iglesias Piñeiro. Debido a un tema de baixa, o Coordinador de primeiro foi substituído polo Coordinador do Grao en Bioloxía, Francisco Javier Salgado Castro.
 - 2º curso: Guillermo Covelo Artos
 - 3º curso: Ana M^a Otero Casal
 - 4º curso: Francisco Javier Salgado Castro (provisionalmente)
-

Primeiro curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Valoración xeral das enquisas

Neste semestre a enquisa do segundo semestre foi feita de xeito presencial. Aínda así, o número de enquisas recollidas foi moi baixo ($n=10$); ademais, unha foi inválida por non indicar o grupo de docencia e non valorar os ítems como 0, 1, 2 ou 3, tal e como se indicaba na enquisa. Deste xeito, o tamaño mostral quedou en $n=9$ para cada materia e os resultados da enquisa deben ser considerados con cautela. O próximo curso tentarase aumentar o número de alumnos/as participantes na enquisa para que os resultados sexan máis representativos.

Todos os ítems da enquisa foron valorados como 0 (non procede), 1 (moi en desacordo), 2 (de acordo) e 3 (moi de acordo). No caso de que as preguntas non foran contestadas (por exemplo, porque o alumno/a non cursase esa materia ou porque non houbera nesa materia unha determinada actividade (p. ex., titorías), a cuadrícula foi cuberta *a posteriori* como 0 (non procede). Debido ao número baixo de enquisas non se proporcionan datos disgregados nos grupos A e B. O nivel de esforzo medio de todas as materias do segundo semestre (ítem 9) foi de 2.35 ± 0.53 (media \pm SD), e o Nº de horas semanais (ítem 10) foi de 2.31 ± 0.49 (media \pm SD). Polo tanto, o nivel de esforzo é medio e o número de horas necesarias para cada materia é de 3-6 horas semanais. Novamente, observouse unha elevada correlación entre ambos ítems ($R^2=0.9947$), indicando que proporcionan a mesma información. Tamén existe certa dispersión dos datos en ambos ítems (22.65% e 21.34%, respectivamente), debido a unha certa heteroxeneidade no esforzo que supoñen as diferentes materias segundo os alumnos. Así, Biofísica (ítem 9: 2.44; ítem 10: 2.11) e sobre todo Bioquímica I (ítem 9: 2.78; ítem 10: 2.89) e Bioloxía dos Tecidos e Órganos (ítem 9: 2.89; ítem 10: 2.78) son as materias que requiren un maior traballo segundo os/as alumnos/as para a súa superación. Pola contra, Bioestatística (ítem 9: 2; ítem 10: 2.68) e Caracterización do Medio Físico para Bioloxía (ítem 9: 1.78; ítem 10: 2.31) son as materias que menos esforzo supoñen para os alumnos/as.

Para obter a puntuación media de cada materia se tiveron en conta soamente as valoracións das preguntas 1-8, xa que as preguntas 9 e 10 se refiren ao esforzo que supoñen para o alumno. A nota media \pm SD das materias do segundo semestre foi de 2.42 ± 0.24 (CV = 9.85%), polo que é unha boa valoración en xeral tendo en conta que a puntuación máxima é de 3. Tres materias tiveron unha valoración superior a todas as materias tiveron unha valoración superior a 2.5, destacando as notas de Bioestatística (2.68 ± 0.38), Biofísica (2.54 ± 0.41) e Bioloxía de Tecidos e Órganos (2.52 ± 0.32), namentres que Caracterización do Medio Físico para Bioloxía (2.31 ± 0.43) e especialmente Bioquímica I (2.07 ± 0.62) obtiveron puntuacións máis baixas. Os valores de correlación de Spearman indican que as notas medias das materias neste semestre dependeron, sobre todo, do ítem 3 (*Non se aprecian redundancias e/ou solapamento con outras materias do*

mesmo ou diferente curso”) ($\rho = 0.899$; $p = 0.0167$) e sobre todo do item 7 (“O nivel esixido na avaliación se axustou ao nivel dado nas aulas”) ($\rho = 1$; $p = 0.00278$). En xeral o item mellor valorado da enquisa foi o número 2 (“O temario impartido axústase ao programa establecido”), seguido do 1 (“As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma”), o 5 (“As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia”) e o 7 (“O nivel esixido na avaliación se axustou ao nivel dado nas aulas”). En cambio, os items da enquisa peor valorados foron os números 3 (“Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso”), o número 4 (“As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia”), o número 8 (“A docencia da materia mellora a miña formación”) e especialmente o número 6 (“Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia”).


- 1. As actividades realizadas na materia se axustan as reflectidas na guía docente.** *Valoración dos estudantes:* 2.58 ± 0.35 .
- 2. O temario impartido se axusta ao programa establecido.** *Valoración dos estudantes:* 2.63 ± 0.52 .
- 3. Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou de cursos diferentes.** *Valoración dos estudantes:* 2.26 ± 0.66 .
- 4. As titorías son de utilidade no desenrolo dos contidos da materia.** *Valoración dos estudantes:* 2.20 ± 0.30 .
- 5. As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenrolo da materia.** *Valoración dos estudantes:* 2.55 ± 0.27 .
- 6. Os seminarios son de utilidade para o desenrolo da materia.** *Valoración dos estudantes:* 2.88 ± 0.10 .
- 7. O nivel esixido na avaliación se axustou ao nivel dado nas aulas.** *Valoración dos estudantes:* 2.36 ± 0.66 .
- 8. A docencia da materia mellora a miña formación.** *Valoración dos estudantes:* 2.10 ± 0.40 .
- 9. Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto).** *Valoración dos estudantes:* 2.35 ± 0.53 . O nivel de esforzo e dedicación dos estudantes é medio.
- 10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).** *Valoración dos estudantes:* 2.31 ± 0.49 . O número de horas corresponde con nivel de esforzo medio do item anterior.

Finalmente, non houbo comentarios específicos sobre a enquisa por parte do alumnado, e tampouco comentarios en xeral sobre o segundo semestre de primeiro.

Comentarios sobre cada materia en particular

Bioestatística (coordinador/a no curso 2021/2022: Maria Angeles Casares De Cal)

Nº enquisas: 9. Nota promedio: 2.68 ± 0.38 . Para o cálculo da nota promedio non se consideraron os ítems 9 (esfuerzo) e 10 (horas semanais de traballo). Non existen comentarios para esta materia.




1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

Biofísica (coordinador/a no curso 2021/22: Sergio Feijoo Juarros)

Nº enquisas: 9. Nota promedio: 2.54 ± 0.41 . Para o cálculo da nota promedio non se consideraron os ítems 6 (seminarios), 9 (esfuerzo) e 10 (horas semanais de traballo).


Soamente existe un comentario dun alumno/a (#1) do grupo A, quen sinala problemas na corrección (**nota do coordinador:** *suponse que é sobre o examen, pero non precisa máis*) e de atención ao alumnado na aula por parte do profesor (**nota do coordinador:** *o alumno/ fixo este comentario, polo que o reflicto no informe, pero é algo illado e non representativo, de tal xeito que recomendo ao coordinador de materia non telo en conta*).



1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de <u>traballo personal</u> (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

Bioquímica I (coordinador/a no curso 2021/2022: Oscar Javier Cordero Santamaria)


Nº enquisas: 9. Nota promedio 2.07 ± 0.62 . Para o cálculo da nota promedio non se consideraron os ítems 9 (esforzo) e 10 (horas semanais de traballo). Soamente existe un comentario nesta materia procedente dun alumno/a (#1) do grupo A, que sinala unha “*dificultade demasiado alta no examen*” e se queixa tamén dun “*baixo nivel impartido na aula*”.



1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de <u>traballo personal</u> (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

Bioloxía dos Tecidos e Órganos (Coordinador/a no curso 2021/22: Maria Fatima Adrio Fondevila)


Nº enquisas: 9. Nota promedio 2.52 ± 0.32 . Para o cálculo da nota promedio non se consideraron os ítems 4 (titorías), 9 (esfuerzo) e 10 (horas semanais de traballo). Non existen comentarios para esta materia por parte dos/as alumnos/as.



1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de <u>traballo personal</u> (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

Caracterización do Medio Físico para Bioloxía (Coordinador/a no curso 2021/22: Antonio Manuel Martinez Cortizas)

Nº enquisas: 9. Nota media 2.31 ± 0.43 . Para o cálculo da nota promedio non se consideraron os ítems 9 (esfuerzo) e 10 (horas semanais de traballo). Non existen comentarios para esta materia por parte dos/as alumnos/as.



Informe Coordinación 2º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

1.- Actividades e guía docente.
2.- Axuste do temario impartido
3.- Redundancias e/ou solapamentos
4.- Utilidade das titorías
5.- Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)
6.- Utilidade dos seminarios
7.- Nivel esixencia na avaliación
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Nivel de esforzo/dedicación (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Número horas semanais de traballo personal (1: < 3 h, 2: 3-6 h, 3: > 6 h).

REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Non houbo reunión cos representantes dos alumnos neste semestre

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DE MATERIAS

Para recoller a impresión do profesorado referida á marcha das materias do segundo semestre no curso 2021-22, o 1 de marzo de 2023 o Coordinador de Bioloxía enviou o seguinte correo aos coordinadores de materia: *Ola a todos/as. Envíovos os resultados da enquisa da materia de primeiro correspondente ao segundo semestre do curso 2021/2022. A enquisa foi realizada en papel neste curso para poder recoller un maior número de respostas dos alumnos, aínda que como podedes ver soamente se recolleron 9 enquisas; tentarase no próximo curso mellorar este temas. Para completar a información e que exista o necesario contraste, necesitamos recoller tamén a vosa opinión como PDI. Para iso e para axilizar o proceso, me podedes enviar os comentarios que consideredes oportunos a esta dirección de correo electrónico ao longo dos próximos días, os cales incluirei posteriormente no informe. Un saúdo. Francisco J Salgado. Coordinador do Grao de Bioloxía..*

En resposta a dito correo non se fixeron comentarios relevantes por parte dos coordinadores das materias.

Santiago de Compostela, a 01 de marzo de 2023



Francisco Javier Salgado Castro

Coordinador do Grao en Bioloxía

Facultade de Bioloxía

Universidade de Santiago de Compostela

Segundo Curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Este informe é o resultado das opinións expresadas (entrevista o día 01 de xullo de 2022) polo representante de alumnos/as de 2º curso (grupo A), **David Freire Moure** (a alumna representante do grupo B, **Alejandra Melón Dieste**, non asiste á convocatoria) e da revisión das enquisas de percepción do desenrolo das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º ao finalizar un exame da primeira oportunidade de avaliación do 2º cuatrimestre, no mes de xuño. En total, recolléronse 19 enquisas no grupo A e 31 no grupo B.

Nin por parte do alumno representante nin nas enquisas se fan mencións a cuestións xerais sobre o desenrolo do curso ou puntos para mellorar no conxunto da docencia, de tal xeito que se pasan a comentar ás cuestións concretas de cada materia, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as no apartado de observacións e suxestións das enquisas (moi escasas) e o comentado polo representante.

Bioxeoquímica

Poucos comentarios temos nas enquisas sobre esta materia (todas no grupo A), e son algo contradictorios ao comparalos coa opinión do representante, alumno tamén deste grupo. En concreto, nas enquisas hai só tres comentarios de alumnos/as que indican, respectivamente, que non se explican axeitadamente os conceptos esenciais, que os seminarios “non están relacionados” coa materia do exame e que existen solapamentos coa materia de Xeoloxía. Pola súa banda, o representante non comparte a primeira opinión sobre a explicación dos contidos esenciais da materia. Sobre os seminarios indica que estes tiñan unha avaliación propia e que, estando efectivamente fóra da materia de exame, isto xa era sabido por todos/as e estaba reflectido na guía docente. Sen embargo, si comparte a idea do/a seu/súa compañeiro/a sobre os solapamentos con Xeoloxía, e mesmo abunda no tema indicando que moitas figuras e contidos eran exactamente os mesmos.

O representante aporta tamén outras ideas de mellora na materia xa que solicita que os traballos postulados nas clases expositivas e entregados a través do Campus Virtual, sexan resoltos en clase ou ben devoltos corrixidos aos/ás alumnos/as para ter “feed back” do seu traballo e asentar mellor os coñecementos.

Finalmente, o alumno representante quere facer mención das prácticas, xa que

considera que están moi ben pensadas ao ter unha parte de campo coa toma de mostras *in situ* e a posterior análise destas no laboratorio, o cal da unha visión máis global do traballo práctico.

Botánica II

Preséntanse algunhas queixas sobre a docencia recibida tanto nas clases expositivas como nas prácticas. No primeiro caso, nun comentario do grupo A dise que o material de apoio aportado polo profesor foi incompleto e que as clases expositivas daban a impresión de ser desordenadas e de estar *pouco preparadas* (dous comentarios no grupo A e un no B). Esta última apreciación tamén é compartida polo representante do grupo A. En canto á saída de campo, son 3 alumnos/as do grupo A os/as que indican a súa insatisfacción coa práctica de campo, indicando que estaba *mal plantexada*, que consistiu só en buscar un listado de plantas nunha cuneta da estrada sen *darlle contexto* nin desprazarse realmente polo campo. Esta percepción tamén foi apoiada polo alumno representante. No relativo ás prácticas de laboratorio só un/ha alumno/a mostra a seu desacordo porque só consistiron na identificación de especies. O representante traslada a queixa dunha compañeira do grupo B mostrando o seu desagrado polo trato recibido, no seu caso, da profesora de prácticas. Non se deron máis explicacións sobre este problema, que parece que non foi xeneralizado e debeu tratarse de algo puntual.

No ámbito da avaliación, un/ha alumno/a do grupo A amosa queixas sobre a corrección do exame, e outro/a do grupo B indica que os contidos do exame non se axustaron aos das clases. Ambas opinións non foron confirmadas polo representante, que considera que o exame se axustou axeitadamente ao explicado nas clases (*lo que cayó en el examen estaba en las presentaciones de clase*) e que, polo menos no seu caso, a corrección do exame foi axeitada. Con respecto á propia realización do exame o representante indica que houbo certo malestar porque o profesorado que estaba encargado estivo “todo o rato” falando entre eles/as ou mesmo atendendo a chamadas telefónicas, o cal supuña que o alumnado non se puidese concentrar correctamente na realización da proba.

Finalmente, tanto o alumno representante como en dúas enquisas indícase que houbo moi pouco tempo para facer o exame das prácticas de laboratorio, xa que foron só 10' ao final da última práctica, o que consideran moi insuficiente.

Zooloxía II

Poucos comentarios relativos a esta materia. No grupo A hai un *comentario eloxioso sobre a docencia nesta materia, indicándose que as clases foron magníficas* e moi útiles, opinión compartida polo representante de alumnos/as. Pola contra, hai unha solicitude

no grupo A, trasladada tamén polo representante, de que se impartan prácticas de campo nesta materia. Na guía docente da materia figura unha saída de campo de 2h de duración, aínda que na memoria de grao non aparecen reflectidas as prácticas de campo.

No referente aos seminarios hai algunhas indicacións. Un/ha alumno/a do grupo B indica que quedaron seminarios sen impartirse. O alumno representante non indica que isto teña ocorrido tamén no seu grupo. O que si cre e que se poderían aproveitar mellor os seminarios xa que propón que se fixeran máis ao estilo do seminario 1 e non só a visualización de documentais.

Fisioloxía Animal

Nas enquisas recóllense tres comentarios diferentes sobre esta materia. No primeiro dise que o material aportado polo profesor estaba demasiado resumido e non era suficiente, e no segundo, que as clases *non foron útiles*. A terceira queixa fai referencia ás prácticas de ordenador, que considera moi longas e con *poco valor* (non se aclara si valor docente ou valor na avaliación).

Os comentarios do representante aclaran un pouco algunhas destas afirmacións e contradín outras. Con respecto ás dúas primeiras non está de acordo. Cre que o material didáctico deixado polo profesor era suficiente e que as clases expositivas eran boas, aínda que o profesor se cinguía *exclusivamente* á explicación das figuras presentadas, onde tamén estaba o texto correspondente. Si está de acordo coas críticas das prácticas de ordenador xa que considera que están mal aproveitadas dende o punto de vista didáctico, son moi longas (dúas sesións de 5 h sen descansos), aínda que se poderían reducir porque, cada sesión se podía facer en 3-4 h. Sobre o “valor” das prácticas aclara que supuñan só 0.5 puntos do total de 10 da materia, pero que a pesar da súa longa duración, parece xusta esa valoración *para lo poco que se hace en ellas*. Para terminar, o representante indica que na materia (non sei si especificamente nas prácticas) asúmense coñecementos de anatomía humana que non se teñen impartido nunca nesta materia nin noutras do grao.

Xenética II

Esta materia suscitou comentarios moi diferentes entre ambos grupos, polo menos en canto as clases expositivas e seminarios. No grupo A só se indica nunha enquisa que as clases estiveron moi ben estruturadas e impartidas, o cal tamén é compartido polo representante deste grupo. Pola súa banda, os comentarios do grupo B son todos negativos. En dúas enquisas quéixanse de mala programación, seminarios sen impartir e a imposición dun traballo de última hora que non estaba programado, e mesmo un/ha

deles/as fala de *pouca profesionalidade* do profesor. Noutro caso indícase na enquisa que as notas foron publicadas tardiamente, aínda que no sei se son notas parciais de avaliación continua ou as notas finais. Nesta liña, o alumno representante recadou algunhas opinións do grupo B para transmitilas neste informe. Segundo o alumnado do grupo B, perdeuse moito tempo en “anécdotas” que impediron avanzar no temario, de xeito que quedaron temas sen impartir. Teoricamente, o profesor subiría vídeos explicativos ao curso virtual para compensar algunhas destas fallas no temario, pero indican que estes vídeos non apareceron. Tamén se indica que algunhas clases de seminarios, programadas con outras actividades, foron utilizadas para dar clases de expositivas.

Xenética I

Aínda que esta materia non corresponde a este cuadrimestre, o alumno representante quere trasladar unha queixa coa avaliación da segunda oportunidade xa que se cambiaron algúns criterios que considera lesivos para o alumnado que realizou esta avaliación. En concreto, indica, a parte do test do exame, na que non contaban negativo as respostas incorrectas na primeira convocatoria, nesta segunda si.

Análise global dos resultados da enquisa de percepción da docencia

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (*cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario*, respectivamente), amosan resultados globais favorables, por enriba de 2,5 (como Bioxeoquímica, Fisioloxía Animal e Zooloxía II). Son un pouco máis baixas en Xenética II (2,24 e 2,27) e Botánica II (2,14 e 2,20). Mentres en Botánica II non hai apenas diferenzas entre os dous grupos, no caso de Xenética II apréciase unha notable diferenza de valoracións entre grupos, xa que no grupo A obtén 2,79 e 2,83, mentres que no grupo B obtén 1,85 e 1,89 nestas dúas preguntas. No resto das materias, as diferenzas entre grupos son menores xa quen non chegan aos 0,2 puntos, salvo no caso de Zooloxía II na pregunta 2 (2,72 no grupo A e 2,94 no grupo B) que está un pouco por enriba deste valor (0,22 puntos).

No apartado 3 (*solapamentos e redundancias de contidos*), os resultados mostran valoracións tamén por enriba de 2,5 en case tódalas materias, agás no caso de Xenética II, que de todas formas está neste rango (2,47 no grupo A e 2,46 no B), e a notable excepción de Bioxeoquímica. Esta última ten valoracións moi inferiores (1,53 no grupo A e 1,65 no B) ao resto, o cal pon de manifesto que se observan maiores redundancias no programa con outras materias, como xa se indicou arriba. As que

obteñen maior puntuación son Zooloxía II (2,84 e 2,86, grupos A e B, respectivamente), Fisioloxía Animal (2,71 e 2,67, grupos A e B, respectivamente) e Botánica II (2,65 e 2,70, grupos A e B, respectivamente), o que indica que os programas están ben axustados e non se detectan solapamentos importantes de contidos con outras materias. Como se pode ver, as valoracións son bastante homoxéneas entre os dous grupos para cada materia.

A valoración no apartado 4 (*titorías*) é en xeral máis baixa que as anteriores, máis heteroxénea entre grupos e tamén a que menos respostas suma en tódalas materias (en especial nalgunhas como Fisioloxía Animal, Botánica II e Bioxeoquímica), o que parece indicar que poucos/as alumnos/as fixeron uso delas, en moitos casos. A valoración deste actividade está claramente por debaixo de 2 puntos para todo o alumnado no caso de Botánica II (1,75 e 1,29, grupos A e B, respectivamente). No caso de Bioxeoquímica hai bastante diferenza entre grupos (2,50 e 1,33, grupos A e B, respectivamente). Estas dúas materias tiveron valoracións neste apartado en só 18 enquisas entre os dous grupos. Tamén se observa unha notable diferenza entre grupos nos casos de Xenética II (2,56 e 1,86, grupos A e B, respectivamente), Zooloxía II (2,80 e 2,25, grupos A e B, respectivamente) e Fisioloxía Animal (2,25 e 1,63, grupos A e B, respectivamente). As dúas primeiras materias (Xenética II e Zooloxía II) tiveron un número aceptable de respostas nesta pregunta (37 e 39, respectivamente). No caso de Fisioloxía Animal só responderon 12 alumnos/as a esta pregunta 4. Como se indicou arriba, as diferenzas entre grupos son notables en tódolos casos, algo menos en Botánica II (0,36 puntos), que ademais é a única que obtén maior valoración no grupo B que no A. O resto tiveron todas moita máis valoración no grupo A (con diferenzas de 0,55 puntos en Zooloxía II, 0,62 puntos en Fisioloxía Animal e 0,7 puntos en Xenética II), sendo o caso máis notable o de Bioxeoquímica, onde a diferenza entre grupos é de 1,17 puntos.

As *prácticas de laboratorio/campo* (pregunta 5) están ben valoradas (sempre ben por riba de 2) polos/as alumnos/as en 3 das 5 materias do cuadrimestre, e de novo se observa unha certa tendencia á menor valoración no grupo B que no A. Pola contra, as outras 2 materias reciben valoracións por debaixo de 2 e puntuación maior no grupo B que no A (ou exactamente igual). En Fisioloxía Animal a valoración foi de 1,69 e 1,88 (grupos A e B, respectivamente) e en Botánica II de 1,88 nos dous grupos. No resto das materias as valoracións das prácticas nos grupos A e B, respectivamente foron de 2,74 e 2,58 en Zooloxía II, 2,78 e 2,21 en Xenética II e 2,50 e 2,25 en Bioxeoquímica. As diferenzas entre grupos son inexistentes en Botánica II, pequenas en Zooloxía II (0,16 puntos) e Fisioloxía Animal (0,19 puntos), destacables en Bioxeoquímica (0,25 puntos)

e moi importantes en Xenética II (0,57 puntos). As baixas valoracións das prácticas en Botánica II e Fisioloxía Animal parecen coincidir con algunhas das queixas reflectidas polo alumnado no apartado de observacións das enquisas e que xa se teñen indicado máis arriba neste informe.

A tendencia a unha valoración máis baixa do alumnado do grupo B que a do A segue a observarse no apartado da *utilidade dos seminarios* (pregunta 6). En tódolos casos son superiores a 2 pero hai diferenzas importantes entre grupos. As valoracións máis homoxéneas se dan en Bioxeoquímica (2,31 e 2,23, grupos A e B, respectivamente) e Fisioloxía Animal, que xa ten unha diferenza de 0,27 puntos (2,64 e 2,37, grupos A e B, respectivamente). Sen embargo, as diferenzas entre grupos son notables en Zooloxía II e Xenética II. No primeiro caso son de 0,6 puntos (2,72 e 2,12, grupos A e B, respectivamente) e no segundo de 0,89 puntos (2,89 e 2,00, grupos A e B, respectivamente). Resulta rechamante, polo tanto, que as mesmas materias nos diferentes grupos, obteñan as mellores e as peores valoracións neste apartado para o total das 5 materias. Sen dúbida, esta diferente valoración do alumnado debe terse en conta por parte do profesorado de cara ao próximo curso. Na materia de Botánica II non teñen programados seminarios na súa guía docente.

Para a análise da pregunta 7 da enquisa (*o nivel de esixencia percibido na avaliación*) hai que resaltar que, si ben a enquisa se realizou ao finalizar o período de exames da primeira oportunidade, aínda non se tiñan publicado as cualificación finais de ningunha materia. A valoración sobre a pregunta 7 indica que na maioría de materias no grupo A (coa excepción de Botánica II, que ten unha valoración de 1,63) parece haber un grao notable de satisfacción por parte dos/as alumnos/as coa avaliación realizada ata ese momento. Tamén parece elevado no grupo B, pero con valoracións inferiores en tódolos casos, agás en Botánica II e Zooloxía II. Indo aos datos numéricos, as valoracións son as seguintes: Botánica II, 1,63 e 2,57; Zooloxía II, 2,63 e 2,76; Xenética II, 2,72 e 2,32; Bioxeoquímica, 2,53 e 2,32; Fisioloxía Animal, 2,46 e 2,22 (grupos A e B, respectivamente en tódolos casos). Polo tanto, salvo en Botánica II e Zooloxía II, no resto de materias o alumnado do grupo B ten percibido que o nivel esixido na avaliación era máis alto que o percibido no grupo A. En canto ás diferenzas de valoración entre grupos, hai algunhas pouco importantes (Bioxeoquímica, Fisioloxía Animal e Zooloxía II), outras importantes (Xenética II, cunha diferenza de 0,4 puntos) e o caso de Botánica II que resulta preocupante (cunha diferenza de 0,94 puntos).

A materia globalmente (sumando ambos grupos) mellor valorada na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*) é Zooloxía II, que roza o 3 (2,95 e 2,90, nos grupos A e B, respectivamente) e con valoración moi homoxénea entre os

dous grupos, como se pode ver. O resto de materias xa se atopan bastante por debaixo nesta percepción, e tamén existen algunhas diferenzas importantes entre grupos. No caso de Xenética II a percepción é moi boa no Grupo A (2,78), pero 0,37 puntos inferior no grupo B (2,41). Fisioloxía Animal tamén presenta diferenzas altas (0,32 puntos), estando mellor valorada no grupo A (2,64) que no B (2,32). A situación de Bioxeoquímica é moi similar á anterior e cuns datos moi parecidos, 2,63 e 2,36 (grupos A e B, respectivamente), o que indica unha diferenza entre grupos de 0,27 puntos. Botánica II parece ser percibida cunha “menor utilidade na formación” xa que obtén 1,88 e 2,04, nos grupos A e B, respectivamente, o que arroxa tamén a maior homoxeneidade de datos entre grupos, coa excepción xa mencionada de Zooloxía II. Botánica II é a única materia que no global de datos está por debaixo de 2 neste apartado, e tamén a única que ten maior valoración no grupo B que no A (aínda que como se dixo antes, a diferenza non é significativa).

A materia que se destaca claramente co maior *nivel de esforzo* polos/as alumnos/as (pregunta 9) é Fisioloxía Animal, que recibe un 3,0 no grupo A e 2,95 no B, como vemos, sen apenas diferenzas de valoración entre grupos. Tal é o caso tamén de Botánica II, sen apenas diferencias de valoración (2,22 e 2,28, grupos A e B, respectivamente), pero que requiriu un apreciable menor nivel de esforzo con respecto á anterior. Xa presentando diferenzas en torno aos 0,3 puntos están Bioxeoquímica (1,88 e 2,21, grupos A e B, respectivamente) e Zooloxía II (2,21 e 2,52, grupos A e B, respectivamente). Pero o caso máis notable de diferente nivel de esforzo requirido na preparación da materia é Xenética II. Esta materia foi valorada con 2,58 no grupo A e 1,69 no B, o que indica unha diferenza moi importante de 0,89 puntos. Se vemos os datos en conxunto, 4 materias (Botánica II, Zooloxía II, Xenética II e Bioxeoquímica) están nun nivel de esixencia de esforzo medio, con valoracións entre 2 e 2,4 puntos, mentres que Fisioloxía Animal ten un nivel moi alto (2,97) e parece, con diferenza a que máis custa ao alumnado de 2º curso do Grao en Bioloxía neste 2º cuatrimestre.

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*) reflicten as valoracións da pregunta anterior, como era de esperar. De novo, a materia de Fisioloxía Animal (2,79 grupo A e 2,68 grupo B) é a destacada, e con relativamente pouca diferenza entre grupos (0,11 puntos). Isto suporía, que de media, o alumnado ten que dedicar máis de 6 horas á semana ao estudo persoal da materia. Cuns valores máis próximos (en torno a 2,0 no conxunto da enquisa, que suporían entre 3 e 6 horas semanais de dedicación) están o resto de materias, sen notables diferenzas entre elas: Zooloxía II (1,95 e 2,07, grupos A e B, respectivamente), Botánica II (1,89 e 2,03, grupos A e B, respectivamente)

e Bioxeoquímica (1,59 e 1,79, grupos A e B, respectivamente). Presentan tamén moi poucas diferenzas de valoracións entre os dous grupos (iguais ou inferiores a 0,2 puntos). Pero no caso de Xenética II (tamén cun nivel global medio, de 1,83) volvemos a ver importantes diferenzas entre os dou grupos. No grupo A a valoración foi de 2,26 e no B de 1,54 (0,72 puntos de diferenza).

Resulta evidente que a materia de Xenética II tivo notables problemas de docencia no grupo B (polo comentado polo alumnado e as valoracións sistematicamente menores na enquisa en tódolos apartados 1-8), pero que tamén tivo un nivel máis baixo de dedicación e número de horas de estudo que no grupo A. A valoración media desta materia (preguntas 1 a 8) foi de 2,73 no grupo A e de 2,13 no B (0,6 puntos de diferenza), a claramente maior entre todas as materias. No resto de casos, o funcionamento do curso foi máis homoxéneo entre os dous grupos xa que as diferenzas estiveron por debaixo de 0,2 puntos, agás no caso de Bioxeoquímica (0,22 puntos), que tampouco parecen moi relevantes. En tódalas materias, agás en Botánica II (cunha diferenza baixa, de 0,11 puntos), as valoracións globais foron inferiores no grupo B con respecto ao grupo A.

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS.

CURSO 2021-2022. 2º CUADRIMESTRE. 2º GRAO EN BIOLOXÍA (2ª EDICIÓN)

MARCA O TEU GRUPO DE DOCENCIA EXPOSITIVA: A B


Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:


- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo persoal** necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

A continuación preséntanse gráficas resumo cos resultados da enquisa por grupos. As valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”. A valoración media final da materia realízase sen ter en conta as preguntas 9 e 10. O número de enquisas cubertas (non se cobren sempre todas as preguntas e noutros casos se marcan 0) aparece reflectido nas táboas anexas para cada materia dispoñible ao final deste informe.


BOTÁNICA II. Media: G. A: 2,01; G. B: 2,12




ZOOLOXÍA II. Media: G. A: 2,77; G. B: 2,65




FISIO. ANIM. Media: G. A: 2,51; G. B: 2,32



XENÉTICA II. Media: G. A: 2,73; G. B: 2,13



BIOXEQ. Media: G. A: 2,41; G. B: 2,19



A continuación amósanse as táboas cos resultados das enquisas amosando as respostas individualizadas, tanto por grupos de docencia como do total do alumnado. Nas valoracións medias de cada pregunta descártanse os valores 0 (non procede). A valoración media das materias faise só coas notas nas preguntas 1 a 8.

BOTÁNICA II (GRUPO A)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTA	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	18	1	6	33,33	4	22,22	8	44,44	2,11
2	17	2	4	23,53	6	35,29	7	41,18	2,18
3	17	2	1	5,88	4	23,53	12	70,59	2,65
4	4	15	2	50,00	1	25,00	1	25,00	1,75
5	17	2	6	35,29	7	41,18	4	23,53	1,88
6									
7	16	3	8	50,00	6	37,50	2	12,50	1,63
8	17	2	7	41,18	5	29,41	5	29,41	1,88
9	18	1	2	11,11	10	55,56	6	33,33	2,22
10	18	1	5	27,78	10	55,56	3	16,67	1,89
Media (1-8): 2,01; SD: 0,34									

BOTÁNICA II (GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTA	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	26	5	5	19,23	12	46,15	9	34,62	2,15
2	29	2	5	17,24	13	44,83	11	37,93	2,21
3	27	4	2	7,41	4	14,81	21	77,78	2,70
4	14	17	11	78,57	2	14,29	1	7,14	1,29
5	26	5	11	42,31	7	26,92	8	30,77	1,88
6									
7	28	3	2	7,14	8	28,57	18	64,29	2,57
8	28	3	6	21,43	15	53,57	7	25,00	2,04
9	29	2	3	10,34	15	51,72	11	37,93	2,28
10	29	2	6	20,69	16	55,17	7	24,14	2,03
Media (1-8): 2,12; SD: 0,47									

BOTÁNICA II (TOTAL)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	44	6	11	25,00	16	36,86	17	38,64	2,14
2	46	4	9	19,57	19	41,30	18	39,13	2,20
3	44	6	3	6,82	8	18,18	33	75,00	2,68
4	18	32	13	72,22	3	16,67	2	11,11	1,39
5	43	7	17	39,53	14	32,56	12	27,91	1,88
6									
7	44	6	10	22,73	14	31,82	20	45,45	2,23
8	45	5	13	28,89	20	44,44	12	26,67	1,98
9	47	3	5	10,64	25	53,19	17	36,17	2,26
10	47	3	11	23,40	26	55,32	10	21,28	1,98
Media (1-8): 2,07; SD: 0,39									

ZOOLOXÍA II (GRUPO A)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	19	0	0	0,00	5	26,32	14	73,68	2,74
2	18	1	0	0,00	5	27,78	13	72,22	2,72
3	19	0	1	5,26	1	5,26	17	89,47	2,84
4	15	4	1	6,67	1	6,67	13	86,67	2,80
5	19	0	1	5,26	3	15,79	15	78,95	2,74
6	18	1	1	5,56	3	16,67	14	77,78	2,72
7	16	3	2	12,50	2	12,50	12	75,00	2,63
8	19	0	0	0,00	1	5,26	18	94,74	2,95
9	19	0	2	10,53	11	57,89	6	31,58	2,21
10	19	0	6	31,58	8	42,11	5	26,32	1,95
Media (1-8): 2,77; SD: 0,10									

ZOOLOXÍA II (GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	30	1	0	0,00	5	16,67	25	83,33	2,83
2	31	0	0	0,00	2	6,45	29	93,55	2,94
3	28	3	1	3,57	2	7,14	25	89,29	2,86
4	24	7	7	29,17	4	16,67	13	54,17	2,25
5	31	0	2	6,45	9	29,03	20	64,52	2,58
6	26	5	6	23,08	11	42,31	9	34,62	2,12
7	29	2	1	3,45	5	17,24	23	79,31	2,76
8	30	1	0	0,00	3	10,00	27	90,00	2,90
9	31	0	0	0,00	15	48,39	16	51,61	2,52
10	30	1	3	10,00	22	73,33	5	16,67	2,07
Media (1-8): 2,65; SD: 0,31									

ZOOLOXÍA II (TOTAL)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	49	1	0	0,00	10	20,41	39	79,59	2,80
2	49	1	0	0,00	7	14,29	42	85,71	2,86
3	47	3	2	4,26	3	6,38	42	89,36	2,85
4	39	11	8	20,51	5	12,82	26	66,67	2,46
5	50	0	3	6,00	12	24,00	35	70,00	2,64
6	44	6	7	15,91	14	31,82	23	52,27	2,36
7	45	5	3	6,67	7	15,56	35	77,78	2,71
8	49	1	0	0,00	4	8,16	45	91,84	2,92
9	50	0	2	4,00	26	52,00	22	44,00	2,40
10	49	1	9	18,37	30	61,22	10	20,41	2,02
Media (1-8): 2,70; SD: 0,20									

Informe Coordinación 2º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

XENÉTICA II (GRUPO A)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	19	0	0	0,00	4	21,05	15	78,95	2,79
2	18	1	0	0,00	3	16,67	15	83,33	2,83
3	19	0	3	15,79	4	21,05	12	63,16	2,47
4	16	3	2	12,50	3	18,75	11	68,75	2,56
5	18	1	1	5,56	2	11,11	15	83,33	2,78
6	18	1	0	0,00	2	11,11	16	88,89	2,89
7	18	1	1	5,56	3	16,67	14	77,78	2,72
8	18	1	0	0,00	4	22,22	14	77,78	2,78
9	19	0	0	0,00	8	42,11	11	57,89	2,58
10	19	0	1	5,26	12	63,16	6	31,58	2,26
Media (1-8): 2,73; SD: 0,14									

XENÉTICA II (GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	26	5	10	38,46	10	38,46	6	23,08	1,85
2	27	4	10	37,04	10	37,04	7	25,93	1,89
3	26	5	3	11,54	8	30,77	15	57,69	2,46
4	21	10	10	47,62	4	19,05	7	33,33	1,86
5	28	3	5	17,86	12	42,86	11	39,29	2,21
6	26	5	8	30,77	10	38,46	8	30,77	2,00
7	28	3	5	17,86	9	32,14	14	50,00	2,32
8	29	2	3	10,34	11	37,93	15	51,72	2,41
9	29	2	13	44,83	12	41,38	4	13,79	1,69
10	28	3	15	53,37	11	39,29	2	7,14	1,54
Media (1-8): 2,13; SD: 0,26									

XENÉTICA II (TOTAL)		Non procede		Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		NOTA
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0		1		2		3		
		n	%	n	%	n	%	n	%	
1	45	5	10	22,22	14	31,11	21	46,67	2,24	
2	45	5	10	22,22	13	28,89	22	48,89	2,27	
3	45	5	6	13,33	12	26,67	27	60,00	2,47	
4	37	13	12	32,43	7	18,92	18	48,65	2,16	
5	46	4	6	13,04	14	30,43	26	56,52	2,43	
6	44	6	8	18,18	12	27,27	24	54,55	2,36	
7	46	4	6	13,04	12	26,09	28	60,87	2,48	
8	47	3	3	6,38	15	31,91	29	61,70	2,55	
9	48	2	13	27,08	20	41,67	15	31,25	2,04	
10	47	3	16	34,04	23	48,94	8	17,02	1,83	
Media (1-8): 2,37; SD: 0,14										

BIOXEOQUÍMICA (GRUPO A)		Non procede		Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		NOTA
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas 1 a 3)	0		1		2		3		
		n	%	n	%	n	%	n	%	
1	16	3	0	0,00	6	37,50	10	62,50	2,63	
2	16	3	1	6,25	3	18,75	12	75,00	2,69	
3	15	4	9	60,00	4	26,67	2	13,33	1,53	
4	6	13	0	0,00	3	50,00	3	50,00	2,50	
5	16	3	2	12,50	4	25,00	10	62,50	2,50	
6	16	3	3	18,75	5	31,25	8	50,00	2,31	
7	15	4	2	13,33	3	20,00	10	66,67	2,53	
8	16	3	0	0,00	6	37,50	10	62,50	2,63	
9	17	2	3	17,65	13	76,47	1	5,88	1,88	
10	17	2	7	41,18	10	58,82	0	0,00	1,59	
Media (1-8): 2,41; SD: 0,37										

BIOXEOQUÍMICA (GRUPO B)		Non procede		Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		NOTA
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0		1		2		3		
		n	%	n	%	n	%	n	%	
1	29	2	0	0,00	15	51,72	14	48,28	2,48	
2	29	2	0	0,00	4	13,79	25	86,21	2,86	
3	26	5	14	53,85	7	26,92	5	19,23	1,65	
4	12	19	9	75,00	2	16,67	1	8,33	1,33	
5	28	3	5	17,86	11	39,29	12	42,86	2,25	
6	26	5	3	11,54	14	53,85	9	34,62	2,23	
7	28	3	4	14,29	11	39,29	13	46,43	2,32	
8	28	3	2	7,14	14	50,00	12	42,86	2,36	
9	29	2	2	6,90	19	65,52	8	27,59	2,21	
10	28	3	10	35,71	14	50,00	4	14,29	1,79	
Media (1-8): 2,19; SD: 0,48										

BIOXEOQUÍMICA (TOTAL)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	45	5	0	0,00	21	46,67	24	53,33	2,53
2	45	5	1	2,22	7	15,56	37	82,22	2,80
3	41	9	23	56,10	11	26,83	7	17,07	1,61
4	18	32	9	50,00	5	27,78	4	22,22	1,72
5	44	6	7	15,91	15	34,09	22	50,00	2,34
6	42	8	6	14,29	19	45,24	17	40,48	2,26
7	43	7	6	13,95	14	32,56	23	53,49	2,40
8	44	6	2	4,55	20	45,45	22	50,00	2,45
9	46	4	5	10,87	32	69,57	9	19,57	2,09
10	45	5	17	37,78	24	53,33	4	8,89	1,71

Media (1-8): 2,26; 0,40

FISIOLOXÍA ANIMAL (GRUPO A)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	14	5	0	0,00	3	21,43	11	78,57	2,79
2	14	5	0	0,00	2	14,29	12	85,71	2,86
3	14	5	0	0,00	4	28,57	10	71,43	2,71
4	4	15	1	25,00	1	25,00	2	50,00	2,25
5	13	6	6	46,15	5	38,46	2	15,38	1,69
6	14	5	0	0,00	5	35,71	9	64,29	2,64
7	13	6	1	7,69	5	38,46	7	53,85	2,46
8	14	5	1	7,14	3	21,43	10	71,43	2,64
9	14	5	0	0,00	0	0,00	14	100,00	3,00
10	14	5	0	0,00	3	21,43	11	78,57	2,79

Media (1-8): 2,51; SD: 0,38

FISIOLOXÍA ANIMAL (GRUPO B)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas 1 a 3)	0	1		2		3		NOTA
		n	n	%	n	%	n	%	
1	19	12	2	10,53	2	10,53	15	78,95	2,68
2	20	11	1	5,00	2	10,00	17	85,00	2,80
3	18	13	1	5,56	4	22,22	13	72,22	2,67
4	8	23	5	62,50	1	12,50	2	25,00	1,63
5	17	14	5	29,41	9	52,94	3	17,65	1,88
6	19	12	2	10,53	8	42,11	9	47,37	2,37
7	18	13	3	16,67	8	44,44	7	38,89	2,22
8	19	12	4	21,05	5	26,32	10	52,63	2,32
9	20	11	0	0,00	1	5,00	19	95,00	2,95
10	19	12	0	0,00	6	31,58	13	68,42	2,68

Media (1-8): 2,32; SD: 0,41

FISIOLOXÍA ANIMAL (TOTAL)		Non procede	Moi en desacordo		De acordo		Moi de acordo		NOTA
PREGUNTAS	TOTAL ENQUISAS (respostas de 1 a 3)	0	1		2		3		
		n	n	%	n	%	n	%	
1	33	17	2	6,06	5	15,15	26	78,79	2,73
2	34	16	1	2,94	4	11,76	29	85,29	2,82
3	32	18	1	3,13	8	25,00	23	71,88	2,69
4	12	38	6	50,00	2	16,67	4	33,33	1,83
5	30	20	11	36,67	14	46,67	5	16,67	1,80
6	33	17	2	6,06	13	39,39	18	54,55	2,48
7	31	19	4	12,90	13	41,94	14	45,16	2,32
8	33	17	5	15,15	8	24,24	20	60,61	2,45
9	34	16	0	0,00	1	2,94	33	97,06	2,97
10	33	17	0	0,00	9	27,27	24	72,73	2,73
Media (1-8): 2,39; SD: 0,39									

REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

A parte anterior deste informe, coas valoracións numéricas das enquisas e as opinións do alumnado para cada materia, foi remitida o 11 de xaneiro de 2023 aos/ás coordinadores/as das materias. Nas semanas posteriores só o profesorado da materia Zooloxía II enviou os seus comentarios, que se reflicten a continuación.

Zooloxía II

O coordinador da materia, **prof. Marcos Andrés González González**, responde rapidamente e só indica o seu desacordo no referente á saída de campo, indicando que fora substituída por unha visita ao Museo de Historia Natural. Sen embargo, a súa apreciación debe tratarse dunha confusión coa guía docente do curso 2022-23, porque no curso ao que se refire este informe, tal como se indica arriba, figura o seguinte no apartado de clases prácticas:

2. CLASES PRÁCTICAS (12 horas) (sus contenidos son comunes para todos los escenarios docentes contemplados; en el escenario 1, la docencia será presencial)

Práctica 1.- Arácnidos, Miriápodos y Crustáceos. Morfología externa e identificación de los principales grupos (2h)

Práctica 2.- Hexápodos. Morfología externa e identificación de los principales grupos (2h)

Práctica 3.- Disección de un Crustáceo Decápodo (2h)

Práctica 5.- Saída de campo: observación e muestreo de artrópodos (2h)

Práctica 4.- Vertebrados. Disección de un Osteíctio (2h)

Práctica 6.- Identificación en laboratorio de muestras de artrópodos (2h)

Non se fai mención algunha a visitar o Museo de Historia Natural. Outra explicación pode ser que se tivera cambiado a guía docente ao comezo do curso e substituído a saída de campo pola visita ao Museo de Historia Natural, pero non teño constancia desta situación nin o alumno representante mencionou tal cambio.

Polo demais, o profesorado desta materia non fai ningún comentario máis.

O Coordinador de Segundo do Grao de Bioloxía

Fdo. Guillermo Covelo Artos


Terceiro Curso

Neste cuadrimestre volveuse a realización das enquisas de satisfacción de xeito presencial. Recolléronse un total de 29 enquisas (21 para o grupo A e 8 para o grupo B). Estes valores, aínda que maiores que os obtidos nas enquisas *on-line* dos cursos 19/20 e 20/21 (13 e 7 alumnos respectivamente) son bastante menores dos obtidos en cursos anteriores (90 no curso 16/17, 116 no curso 17/18 e 100 no curso 18/19). O desequilibrio entre as enquisas recollidas no grupo A e B pode ser a causa das diferencias nas valoracións obtidas nos *items* nos dous grupos. Once das enquisas incluían comentarios na sección Observacións. O día 10 de Maio de 2022 se mantivo unha reunión coas representantes de grupo Mar Cortegoso Santiago (Grupo A) e Verónica Vázquez Pereiras (Grupo B). Os comentarios que apareceron en máis dunha enquisa e foron corroborados polas representantes incluíronse neste informe. Outros comentarios puntuais foron enviados aos coordinadores das materias para ser tidos en conta no seu caso.

O informe enviouse por correo electrónico aos coordinadores das materias o día 2 de Marzo de 2023. Recibíronse algúns comentarios dos coordinadores, que se incorporaron neste informe. Os coordinadores estiveron de acordo en que non era necesaria a realización dunha reunión para avaliar os resultados.

RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DO ALUMNADO

Como se acordou en reunións previas cos coordinadores das materias de terceiro curso, para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta as preguntas 9 e 10, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. Este ano volveuse a aplicar a regra acordada polos coordinadores para non ter en conta os valores obtidos nas preguntas que tiveron menos dun 50% de respostas no cálculo das medias.




Media do resultado das enquisas de valoración para cada unha das materias. As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8.

Excepto no caso da materia Antropoloxía, a valoración do grupo A é mellor que a do grupo B. Isto pode deberse a diferenza no número de enquisas recollidas. Debese ter en conta que no curso 21/22 todas as materias de terceiro foron impartidas polos mesmos profesores nos dous grupos.

A análise da evolución das avaliacións medias das materias dende o curso 16/17 para as preguntas 1-8 revela unha clara recuperación da avaliación en todas as materias, logo da finalización da docencia semi-presencial do curso 20-21. Un maior número de enquisas recollidas e a volta á realización das enquisas presenciais seguramente tivo tamén unha influencia positiva na recuperación das avaliacións.

Entre os comentarios xerais recollidos, os alumnos laméntanse de que non se respectan os 10 minutos de descanso entre clases. Tamén reclaman diapositivas máis explicativas en algunhas materias.



Evolución da valoración xeral (preguntas 1-8) das materias do segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Bioloxía nos cursos 16/17, 17/18, 18/19, 19/20, 20/21 e 21/22. Nos cursos 19/20 e 20/21 as enquisas se realizaron *on-line*, con un número baixo de respostas (13 e 7, respectivamente).

Valoración das materias

Fisioloxía Vexetal II (Coordinadora: Prof.^a Gloria Revilla López)


Contestaron a enquisa un total de 20 alumnos para esta materia (13 do grupo A e 7 do grupo B). A valoración media das respostas das preguntas 1-8 foi de 2,48 fronte aos 1,79 obtidos no curso 20/21. Para as preguntas 1-10, a media foi de 2,57 neste curso, fronte aos 2,03 obtidos no curso 20/21. Non se tivo en conta para as medias a pregunta 4 (titorías) xa que non acadou o mínimo do 50% de respostas.

As representantes de grupos comunican unha mellora significativa no enfoque e desenvolvemento das clases en relación a materia de primeiro cuadrimestre Fisioloxía Vexetal I no mesmo curso, impartida polas mesmas profesoras. Traballáronse máis e mellor os exercicios dos controles e permitiuse tomar notas. Reportan dificultades na realización da tipoloxía de exame proposta. As enquisas recollen que sería convinte a realización do exame de prácticas ao finalizaren as mesmas, e non co exame final.

En relación aos resultados obtidos nas enquisas no curso 21-22, a coordinadora da materia pon de manifesto que neste curso había 145 alumnos matriculados nesta materia, dos que 14 eran Erasmus ou SICUE. Deles, responderon a enquisa o 15% (GA 20%, GB 11%). Tendo en conta estes datos, considerase que estas enquisas teñen pouca utilidade pola seguintes razóns: 1. A porcentaxe de enquisas é moi baixo e pode non ser representativo da opinión xeral do grupo. 2. Ademais, o resultado das enquisas coñécese xa avanzado o curso seguinte, o que non permite que este resultado se poida

utilizar para tomar medidas que puideran facilitar o traballo dos alumnos. Tamén sería de utilidade facer unha reunión entre o alumnado e os profesorado nas que se poidan avaliar estas opinións, para poder avaliar as opinións anónimas expresadas nas enquisas, que poden non ser representativas do sentir xeral do alumnado. Neste sentido, consultarase na reunión do grao a conveniencia de invitar ás reunións de coordinación de curso aos delegados de grupo.

En cuanto a mellora no enfoque e desenvolvemento das clases da materia en relación a FVI, a coordinadora comenta que esta diferenza é seguramente debida a relaxación das medidas de control da pandemia favoreceu poder traballar cos alumnos durante os seminarios no segundo cuadrimestre dun xeito máis directo. Comenta que resulta tamén sorprendente a diferenza na valoración das prácticas (Pregunta 5) entre o grupo A e B, xa que as prácticas son as mesmas para os dous grupos. Como xa se comentou máis arriba, o menor número de enquisas recollidas no grupo B puido desprazar a valoración á baixa nese grupo, xa que no caso dun número baixo de enquisas, hai unha tendencia xa comprobada a recoller as enquisas dos alumnos insatisfeitos.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)

10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Fisioloxía Animal Comparada (Coordinador: Prof. Manuel Aldegunde Villar)

Contestaron a enquisa un total de 29 alumnos para esta materia (21 do grupo A e 8 do grupo B). A valoración media das respostas das preguntas 1-8 foi de 2,10, mentres que para as preguntas 1-10 foi de 2,28, en ámbolos dous casos, maiores cas medias obtidas no curso 20/21. Non se tivo en conta para as medias a pregunta 4 (titorías) xa que non acadou o mínimo do 50% de respostas.


En canto aos comentarios das representantes, reportan unha maior interactividade que a que tiveron na materia Fisioloxía Animal I, o que valoran positivamente, pero botan en falta algunha práctica de laboratorio. As enquisas indican un traballo excesivo asociado aos seminarios en relación ao peso na nota da materia.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Microbioloxía II (Coordinadora: Prof. Alicia Estévez Toranzo)

Contestaron a enquisa un total un total de 29 alumnos para esta materia (21 do grupo A e 8 do grupo B). A valoración media das respostas das preguntas 1-8 foi de 2,68. A media das preguntas 1-10 foi menor, 2,51. Non se tivo en conta para as medias a pregunta 4 (titorías) xa que non acadou o mínimo do 50% de respostas. Esta é a única materia cuxa valoración incrementouse por riba das valoracións pre-pandemia. A satisfacción dos estudantes coa docencia nesta materia foi corroborada polas representantes e polos comentarios recollidos nas enquisas.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Ecología II (Coordinadora: Prof. Otilia Reyes Ferreira)

Contestaron a enquisa un total de 26 alumnos para esta materia (18 do grupo A e 8 do grupo B). A materia acadou unha puntuación media de 2,58 para as preguntas 1-8 e 2,57 para as preguntas 1-10.

As representantes recoñecen unha boa organización, esforzo na calidade da docencia e ampliación de contidos, e tamén a realización de controis axustados aos contidos. O exame e corrección da memoria de prácticas considerase adecuado. Reportan tamén que a presión durante a realización das actividades e titorización das mesmas resulta, nalgún caso, excesiva, así coma o tempo de dedicación requirido.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Antropoloxía biolóxica (Coordinador: Prof. José L. Blázquez Cao)

O número de estudantes que avaliaron esta materia foi de 24 (16 do grupo A e 8 do grupo B). A media total da materia foi 2,51 se se teñen en conta as preguntas 1-8 e 2,38 se se teñen en conta todas as preguntas. A pregunta 6 non aplica no caso desta materia.

As representantes reportan un alto grao de satisfacción coa docencia impartida polo Prof. Blázquez, que facía as clases moi amenas e interesantes. Tamén están satisfeitos coas prácticas. Reportan, sen embargo, que debido a deficiencias na planificación, impartíronse máis clases de teoría das especificadas na guía.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
- 10.- Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Informe Coordinación 2º semestre (curso 2021-2022) Facultade de Bioloxía

Santiago de Compostela, 7 de Marzo de 2023

Fdo. Ana María Otero Casal

Cuarto Curso

VALORACIÓN XERAL DAS ENQUISAS

Neste semestre a enquisa do segundo semestre tamén foi feita de xeito presencial. O número de enquisas cubertas foi o seguinte: Proxectos (n=53), Evolución Humana (n=24), Biodiversidade Animal e Conservación (n=28), Biotecnoloxía Vexetal (n= 4), Bioquímica Clínica (n=13), Xeobotánica (n= 11), Enxeñería Xenética (n= 14), Xenética Humana (n= 37), Zooxeografía (n= 29). Destaca o baixo número de enquisas cubertas en Biotecnoloxía Vexetal.

A evolución do número de matriculados nas materias optativas do segundo semestre desde o curso 2012/2013 (momento do comezo da implantación das materias de cuarto no Grao en Bioloxía) ata o curso 2021/2022 preséntase na Figura 1. Pódese observar: a) Todas as materias teñen un número de alumnos superior a 40, coa excepción Bioquímica Clínica, Xeobotánica, Enxeñería Xenética e moi especialmente Biotecnoloxía Vexetal; b) Existe unha tendencia á alza no número de estudantes matriculados, con altibaixos, en materias como Bioloxía Animal e Conservación (BAC) e Zooxeografía. Outras materias son bastante estables en canto ao número de alumnos/as matriculados/as (con altibaixos), como Evolución Humana e Xenética Humana. En cambio, algunhas materias como Enxeñería Xenética, Biotecnoloxía Vexetal, Xeobotánica e Bioquímica Clínica parecen experimentar unha certa tendencia a redución no número de alumnos nos últimos anos.

